A prohibición expresa á tenza de animais domésticos en vivendas arrendadas a través do Plan de vivendas baleiras, parece polo tanto que vai en contra da liberdade de exercer os pactos que puideran xurdir entre as partes libremente, e peor aínda, penaliza e exclúe o acceso a unha vivenda daquelas familias ou persoas posuidoras de calquera tipo de animal doméstico.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a adoptar medidas necesarias no marco do Plan de vivendas baleiras para que a tenza dun animal doméstico por parte da persoa arrendataria non sexa unha condición excluín-te de cara ó acceso a unha vivenda, respectando en todo caso as normas de réxime interno da Comunidade de Propietarios, de existir, así como o acordo da propiedade da vivenda.

Pazo do Parlamento, 3 de xuño de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 05/06/2019 10:49:34

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/06/2019 10:49:47

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/06/2019 10:49:59

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/06/2019 10:50:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os espazos sitos en Rede Natura, e en outras figuras de protección medioambiental, representan a biodiversidade e son o máximo expoñente da riqueza natural e paisaxística de Galicia e deberían ser considerados coma unha oportunidade para o desenvolvemento rural.

Os espazos protexidos medioambientalmente teñen hipotecas de certos usos para as terras neles ubicadas, hipotecas de usos, que en aras do ben común, limitan a capacidade de decidir dos titulares como por en valor as súas propiedades.

Debido ó abandono, a falta de proxectos impulsores de dinámicas que creen riqueza e fixen poboación capaz de xestionar estes espazos fan que as condicións que rodean estas figuras de protección sexan unha lousa que se abate sobre a pouca xente que se atreve a vivir nestes territorios.

Sen embargo estes territorios sitos nas figuras de protección ambiental (titularidades particulares e montes veciñais en man común) xeran externalidades positivas para o conxunto da sociedade. Entre estas externalidades poderíamos citar:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Conservación, restauración e mellora do patrimonio natural, da biodiversidade e da paisaxe.

-Conservación dos solos e do réxime hidrolóxico evitando a desertización.

-Fixación do dióxido de carbono contribuíndo á mitigación do cambio climático.

-Recarga de acuíferos e prevención de riscos xeolóxicos.

-Uso público.

Para que estes espazos protexidos cumpran estas externalidades das que se beneficia a sociedade galega no seu conxunto e que están cuantificadas economicamente, para que xeren dinamización no medio rural teñen que estar xestionados e non abandonados.

Pero esta xestión tradúcese en custes para os titulares dos mesmos. Teñen que ter planos de ordenación, faceren traballos de silvicultura, manteren equipos para combateren os lumes...

Parece lóxico, pois, que por estas externalidades os titulares reciben certas compensacións, non entendidas coma esmola ou gracias, trataríase dunha redistribución dos custes medioambientais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

-Desenvolver as actuacións necesarias en orde á tramitación e aprobación dun proxecto de regulamentación de mecanismos necesarios e condicións para incentivar as externalidades positivas dos terreos que se encontren en Rede Natura e outras figuras de protección ambiental.

-Establecer pagos directos ós titulares das terras (particulares e veciñais) nas zonas de alta montaña ou despoboadas, co fin de incrementar as rendas e poidan fixar poboación .

- Incrementar a porcentaxe ata o 100% nas liñas de axudas referidas a Traballos de Silvicultura, plantacións, incremento da superficie de frondosas. posta en valor do monte de xeito multifuncional e sustentable, proxectos dinamizadores do medio rural...

-Adaptar ó medio (traballos manuais, retirada dos restos de xeito non agresivo...) as axudas para a prevención e loita contra os lumes forestais ademais do que a porcentaxe da axuda debe ser do 100%.”

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/06/2019 12:09:10

María Montserrat Prado Cores na data 05/06/2019 12:09:23

Noa Presas Bergantiños na data 05/06/2019 12:09:33

Ana Pontón Mondelo na data 05/06/2019 12:09:44

Olalla Rodil Fernández na data 05/06/2019 12:10:07

Xosé Luis Bará Torres na data 05/06/2019 12:10:18



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas Flora Miranda Pena, Paula Quinteiro Araujo e Marcos Cal Ogando, ao abeiro do disposto no artigo 160 no do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos

Durante a pasada semana vén de anunciarse que o lugar escollido por Portos de Galicia para depositar os residuos procedentes dun futuro e suposto dragado do río Lérez será o entorno da Illa de Sálvora.

Dende a nosa organización xa temos amosado a nosa posición contraria ao actual proxecto de dragaxe que parece, unicamente, buscar o beneficio dunha entidade vencellada ao turismo náutico sen clarificar as consecuencias medioambientais, ou os supostos beneficios deste dragado para o marisqueo na ría de Pontevedra. Beneficios que nos poñemos en dúbidas co actual proxecto. Pero agora, ademais, este proxecto pretende depositar os lodos que se retiren do Lérez na ría de Arousa, no entorno do Parque Nacional, e sen ningún tipo de estudo que garanta que estes non afectarán á riqueza pesqueira e marisqueira da ría de Arousa.

Non parece razoable que cando se ten rexeitado a opción de depositar este lodos en Tambo, polo impacto que suporía para o seu entorno e a súa produción marisqueira, a solución sexa depositalos na ría máis produtiva do mundo, e que xa está a sufrir enormes impactos medioambientais derivados do descoido da Xunta de Galicia.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento Galego acorda demandar da Xunta de Galicia a elaboración dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito dos lodos procedentes do dragado do Lérez, de tal forma que se garanta que estes non afectarán a ningunha das rías galegas, nomeadamente a ría de Arousa.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 05/06/2019 13:31:57

Paula Quinteiro Araújo na data 05/06/2019 13:32:07





Marcos Cal Ogando na data 05/06/2019 13:32:25

Luis Villares Naveira na data 05/06/2019 13:32:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o grao de aplicación e desenvolvemento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galiza e as medidas que debe adoptar o Goberno galego para avanzar cara á unha sociedade inclusiva, diversa, máis democrática e xusta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En abril de 2014 o Parlamento aprobou por unanimidade a Lei 2/2014 pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais.

Galiza convertíase así no primeiro territorio do Estado español en contar cun instrumento normativo contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero. Porén, transcorridos cinco anos desde a súa aprobación e entrada en vigor o noso país foi ficando atrás.

Alén das limitacións coas que o propio texto legal naceu --nomeadamente a non incorporación dun capítulo de sancións ou dun protocolo de resposta perante agresións LGBTfóbicas que si prevía o proxecto de lei no seu inicio-- o veto do Partido Popular





BLOQUE
NACIONALISTA
GALIEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en xullo de 2017 a continuar avanzando cunha Lei galega de identidade de xénero, desprazou Galiza da posición de vangarda.

De facto, a Lei 2/2014 apenas inclúe unha única referencia expresa á transexualidade (artigo 20) en relación á garantía de “atención sanitaria, segundo a necesidade e o criterio clínico, das prácticas e para as terapias relacionadas coa transexualidade”.

A falta de impulso e vontade política do Partido Popular na Xunta de Galiza fixo que transcorridos cinco anos continúe sen se aplicar e desenvolver na súa totalidade a Lei 2/2014.

Así pois,

a) No **ámbito laboral** a Xunta de Galiza tiña obriga de elaborar un estudo no que se visibilizase a situación das persoas LGBT para os efectos de coñecer a súa situación laboral e as medidas a adoptar para loitar contra a súa discriminación en empresas públicas e privadas (artigo 12.3). Non se fixo.

Tampouco se ten elaborado un protocolo de igualdade e boas prácticas en materia de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero (artigo 12.7). O Consello Galego de Relacións Laborais ten publicado unha *Guía de boas prácticas en materia de igualdade para a negociación colectiva* mais ao abeiro da Lei 3/2007 de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. A guía só fai referencia en dúas ocasións á discriminación por orientación sexual e nin unha soa á transexualidade.

b) No **ámbito social e familiar**, lonxe de aproveitar a rede de Centros Quérote creada polo BNG durante o Goberno bipartito, o Partido Popular optou por derivar a



atención de persoas LGBT aos CIM coa reforma do Decreto que os regula en 2016 sobrecargando aínda máis estes servizos e a un persoal sen a formación necesaria. Durante a última década, ademais, baleirouse de contido os Quérote poñendo fin a importantes programas dirixidos especialmente á non discriminación do colectivo LGBT como *Entendo*.

c) No **ámbito sanitario** e especificamente no referido ás persoas transexuais, a Xunta de Galiza ten aprobado a Instrución 13/2017 pola que se establece o procedemento a seguir polos profesionais do SERGAS para a atención á transexualidade das persoas menores de idade. Un texto claramente insuficiente, enfocado na creación da unidade de referencia do CHUS mais que non unifica criterios de asistencia e no acceso a tratamentos polo que precisa ser complementada cun protocolo que foi anunciado mais non aprobado até o momento.

Neste senso, a Xunta de Galiza –ao contrario que outros territorios como Aragón, Madrid, Valencia ou Andalucía-- non permite a modificación da identidade na tarxeta sanitaria, aínda que insta ao uso do nome sentido durante a atención sanitaria. Isto evidencia a necesidade de mudanzas legais como as previstas no proxecto de Lei galega de identidade de xénero vetado en 2017.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a desenvolver e aplicar de maneira real e efectiva a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galiza adoptando, entre outras, as seguintes medidas:





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Elaborar e publicar no menor prazo de tempo posíbel mais en todo caso antes de que remate a presente lexislatura, un estudo no que se visibilizase a situación socio-laboral das persoas LGBT e as medidas a adoptar para loitar contra a súa discriminación en empresas públicas e privadas así como promover a ocupación daqueles colectivos con maior taxa de exclusión.

2.- Elaborar, no marco do diálogo social (incluídas as organizacións representativas do colectivo LGBT) e antes de rematar a presente lexislatura, un protocolo específico de igualdade e boas prácticas no ámbito empresarial e as relacións laborais en materia de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero.

3.- Modificar o Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galiza, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento, retirándolles as competencias en materia LGBT.

4.- Reforzar, dotando de máis recursos económicos e humanos, así como dunha programación estábel a rede de Centros Quérote+ prestando especial atención ao colectivo LGBT naqueles aspectos nos que, malia os avances en dereitos, a orientación do desexo ou a identidade sexual e de xénero continúan a ser causa de discriminación.

5.- Diseñar e difundir unha campaña entre o persoal do SERGAS encamiñada a socializar a Instrución 13/2017 así como a formar, resolver posíbeis dúbidas ou diferenzas de criterios na súa aplicación. Desenvolver, ampliar e mellorar a devandita Instrución a través da aprobación dun protocolo sobre atención sanitaria de persoas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

transexuais, maiores e menores de idade, desde un enfoque despatoloxizante e baseado no respecto do dereito de autodeterminación de xénero.”

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 05/06/2019 14:04:39

Xosé Luis Bará Torres na data 05/06/2019 14:04:49

Noa Presas Bergantiños na data 05/06/2019 14:04:55

María Montserrat Prado Cores na data 05/06/2019 14:05:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/06/2019 14:05:12

Ana Pontón Mondelo na data 05/06/2019 14:05:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á venda de Ferroatlántica ao fondo estadounidense TPG Sixth Street Partners e ás actuacións que debe impulsar a Xunta de Galiza para o mantemento do emprego, da actividade produtiva e do respecto ás concesións de explotación hidráulica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado martes 4 de xuño de 2019 facíase pública a venda de Ferroatlántica ao fondo estadounidense TPG Sixth Street Partners e xurdían as alertas do Comité de Empresa e da sociedade en xeral sobre o mantemento do emprego, da actividade produtiva e do respecto ás concesións de explotación hidráulica.

Cómpre recordar que durante os últimos anos a empresa Ferroatlántica ten protagonizado no noso país importantes crises e conflitos, como o intento de segregación e venda das centrais do Xallas no ano 2017. Sorprendentemente, aínda que xa ten decidida a venda, a empresa liderada por Villar Mir ten confirmado que non vai renunciar aos recursos legais que presentou contra a resolución de Augas de Galiza. Cómpre recordar que Ferroatlántica explota as centrais hidroeléctricas do río Xallas a cambio do mantemento da produción industrial e dos postos de traballo na Costa da Morte. Esta empresa ten recibido grandes beneficios por esta condición. Porén, ten



aplicado un modelo de explotación colonial no que esquilma os nosos recursos ao tempo que non desenvolve investimentos na modernización da empresa e incumpre sistematicamente os compromisos de mantemento e aumento do emprego.

Máis recentemente, o pasado 4 de febreiro de 2019 a empresa de Villar Mir comunicou un ERE temporal do 1 de marzo de 2019 ata o 28 de febreiro de 2021 (dos centros de traballo de Ce-Dumbria-Centraís Hidroeléctricas, Boo de Guarnizo, Sabón e a Unidade de Servicios Centrais de Madrid) que afectaría a máis de 400 persoas en Galiza, para alén do impacto no tecido industrial auxiliar. Unha decisión inxustificada que agocha o intento de desviar a produción a outras empresas do grupo para así poder xustificar con base á redución da produción calquera expediente de regulación de emprego, posto que cos beneficios que xera a produción enerxética do Xallas é imposíbel xustificar tal decisión e ao tempo puxo a producir ao 100% outras fábricas da marca.

Anteriormente, en data 8 de novembro de 2018, Ferroatlántica comunicaba á representación legal dos traballadores a escisión dos centros de traballo de Boo de Guarnizo, Sabón e Servicios Centrais de Madrid en tres sociedades de responsabilidade limitada (FERROATLÁNTICA DE BOO S.L.U., FERROATLÁNTICA DE SABÓN S.L.U. e GRUPO FERROATLÁNTICA DE SERVICIOS S.L.U.). Esta modificación estrutural das novas sociedades publicouse no Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME) en data 23 de novembro de 2018. Para a negociación do ERTE, a empresa Ferroatlántica anulaba esta operación de escisión de ditos centros de traballo. Unha vez firmado e presentado o ERTE a empresa Ferroatlántica rexistra no Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME) o día 9 de abril de 2019 unha nova escisión dos centros de traballo de Boo, Sabón e Servicios Centrais de Madrid en tres novas sociedades (FERROATLÁNTICA DE BOO S.L.U.,





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

FERROATLÁNTICA DE SABÓN S.L.U. e GRUPO FERROATLÁNTICA DE SERVICIOS S.L.U.). Esta operación fixo saltar as alertas no Comité de Empresa.

O ERTE debería ter comezado a executarse o día 1 de marzo de 2019 e no momento de asinar esta iniciativa aínda non foi executado e ficaría en suspenso pola operación de venda. Con todo, cómpre recordar que xa houbo un impacto económico e de emprego no cadro de persoal temporal e en industria auxiliar como é a do transporte. Así mesmo, a comezos de xaneiro as e os traballadores denunciaban o desprazamento polo Porto de Brens de materia prima a outras fábricas ao tempo que se demostraba que o verdadeiro Plan Industrial de Ferroatlántica eran os peches de unidades produtivas como son os fornos 13 e 14 dende finais do ano pasado ao tempo que outros centros elevaban a súa produción, evidenciando un castigo intencionado ás fábricas galegas.

Segundo denuncia o Comité de Empresa, esta situación vese agravada polas sospeitas dunha operación fraudulenta na venda. As sospeitas indican que Ferroatlántica pretende desenvolver con esta operación unha estratexia de maquiá coa axenda oculta de segregar as ferroaleacións das centrais hidroeléctricas. A manobra de enxeñería financeira claramente especulativa consistiría en que a empresa compradora adquiriría o centro de traballo de Cee-Dumbría e Centrais Hidroeléctricas para despois formalizar un contrato con Ferroatlántica co obxectivo de utilizar as instalación das fábricas para producir ferroaleacións e que a outra parte quede unicamente coa actividade hidroeléctrica producíndose unha segregación de facto, contraria ás condicións de cesión.

A esta difícil situación engádesa a incerteza xerada polo goberno central coa orde da poxa de interrompibilidade prevista para xuño. As mudanzas introducidas na concreción desta nova poxa botan de novo inqueda e inestabilidade sobre todo o sector, podendo traer consecuencias graves sobre a industria do noso país. Coa orde





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

publicada no BOE, a Resolución de 24 de maio de 2019, da Secretaría de Estado de Enerxía, pola que se aproba o calendario e as características do procedemento competitivo de poxas para a asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade regulado na Orde IET/2013/2013, de 31 de outubro para o período entre o 1 de xullo e o 31 de decembro de 2019, entre outras medidas confírmase un cambio relevante: os bloques de 40 MW subastados serán como moito 16 cando na anterior poxa foron adxudicados 21. Ademais, o prezo de saída será máis baixo.

Neste contexto, prevese que Ferroatlántica fiquen fóra da poxa, ao que se engade que se as fábricas de Cee e Dumbría tiñan ata 2019 uns ingresos anuais de aproximadamente 30 millóns de euros por interrompibilidade, estes ingresos van baixar considerablemente pola paralización dos fornos. Esta situación pon de relevo unha vez máis a urxencia de que o goberno español e a Xunta de Galiza se comprometan á creación dunha tarifa eléctrica industrial á que se poidan acoller as empresas electrointensivas, industrias grandes consumidoras de enerxía, liberando a estas industrias de pagar as peaxes, as primas ás renovábeis, os custes extrapeninsulares, os pagos por capacidade, a segunda parte do ciclo do combustíbel nuclear ou o déficit tarifario.

Conscientes de que a segregación das actividades de produción hidroeléctrica e de ferroaleacións é a ruína da única industria desta comarca, o Comité de Empresa vén de desenvolver contactos con todos os Grupos Parlamentares e de reiniciar unha axenda de mobilización. Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego compartimos as súas inxerencias e entendemos que estamos diante dun intento de esquivar as cláusulas de concesión que vinculan a actividade enerxética coa de ferroalixes. Agora que o Grupo Villar Mir anuncia que chegou a acordo cun fondo voitre norteamericano (con intereses centrados no negocio da enerxía mais sen relación co sector das ferroalixes), actuación que require da autorización da Xunta, cómpre que





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

esta se posicione canto antes nunha operación que as e os traballadores sospeitan que é fraudulenta.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta de Galiza a:

1. Intervir para impedir calquera operación fraudulenta de venda que poña en risco o cumprimento das cláusulas de concesión de explotación do río Xallas, o mantemento dos postos de traballo e da actividade produtiva.

2. Demandar a Ferroatlántica a reactivación inmediata dos fornos 13 e 14 de Cee-Dumbría, o mantemento en activo de todos os postos de traballo e o cese da estratexia de baleirado de funcións e desmantelamento encuberto dos centros de Cee-Dumbría e Sabón.

3. Constituír unha mesa de traballo permanente cos traballadores e traballadoras dos centros de Ferroatlántica en Galiza, e coas corporacións municipais dos concellos afectados, para facer unha fronte común de defensa do mantemento dos postos de traballo e da actividade produtiva.

4. Desenvolver os informes e actuacións legais necesarios para esixir, como titular das concesións hidroeléctricas do río Xallas, que Ferroatlántica garanta a viabilidade das plantas tanto en Cee-Dumbría como en Sabón, mantendo os postos de traballo, a actividade produtiva e os investimentos precisos para cumprir cos requisitos de cesión. De non cumprirse, a Xunta de Galiza comprométese a desenvolver o proceso de reversión destas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Esixir do goberno central a inmediata aprobación do Estatuto de Electointensivas e o seu consenso co sector electrointensivo galego así como a rectificación da súa política de mudanzas no sistema de poxas de interrompibilidade, convocando unha nova no caso de ser prexudicial a de xuño para o sector galego pola rebaixa de bloques e contías.

6. Defender a mudanza do o actual sistema de poxas de interrompibilidade por un sistema de tarifa industrial que sexa estábel no tempo, sempre e cando cumbran condicións de mantemento dos postos de traballo e da actividade produtiva e cumprimento dun plan industrial que será fiscalizado por parte das administracións públicas. Neste novo marco tarifario deberase liberar ás empresas electrointensivas de forma permanente de asumir os custos das peaxes que carecen de relación directa co funcionamento da actividade industrial e co funcionamento do sistema eléctrico (bono social, primas ás renovábeis, custos extrapeninsulares, pagos por capacidade, pagos ao operador do sistema naqueles casos que se faga compra directa por medio de convenios bilaterais, 2º parte do ciclo do combustible nuclear e déficit tarifario).”

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 06/06/2019 12:50:48

Xosé Luis Bará Torres na data 06/06/2019 12:50:58

María Montserrat Prado Cores na data 06/06/2019 12:51:04

Olalla Rodil Fernández na data 06/06/2019 12:51:12

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/06/2019 12:51:20

Ana Pontón Mondelo na data 06/06/2019 12:51:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ao posíbel peche da planta de Poligal en Narón e ás actuacións que debe impulsar o goberno galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Poligal é unha empresa situada en Narón que desenvolve fabricación de polipropileno biorientado (BOPP) e polipropileno cast (CPP). É polo tanto unha empresa estratéxica do punto de vista da fabricación de envases e unha ampla variedade de aplicacións industriais que pode desenvolver un papel estratéxico e de valor engadido.

O pasado 22 de febreiro de 2019 o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento do anuncio da presentación de concurso de acredores e posíbel peche da planta ferrolá. Esta foi e é unha moi mala nova para unha comarca castigada polo impacto continuos peches e ERES e pola perda de músculo industrial que ten impulsado o modelo económico do Partido Popular conducindo Ferrolterra e o país enteiro a un deserto industrial.

Trátase dunha empresa rendíbel, como demostra que até o último momento tivera previsión de carga de traballo a longo prazo. Así mesmo, esta empresa ten unha fábrica en Narón ademais de en Arcos (Portugal) e Skarbimierz (Polonia). Esta última



posta en funcionamento aínda no ano 2018. Sorprende polo tanto que esta situación sexa exclusiva para Narón e desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego compartimos coas forzas sindicais a lectura de que se trata dunha deslocalización encuberta.

No mes de marzo impulsáronse no Parlamento Galego diversos acordos para sumar a prol dunha solución e desde entón tamén as e os traballadores téñense mobilizado demandando unha saída e poñendo todo o esforzo da súa parte. No momento de asinar a iniciativa as organizacións sindicais están a demandar do administrador concursal que non limite o período de consultas aos 30 días establecidos na lexislación porque necesitan tempo para buscar unha alternativa de continuidade para a fábrica de Narón. Así mesmo, denuncian a pasividade da Xunta de Galiza e demandan que se dea un novo impulso ao traballo da mesa técnica para que os proxectos formulados se convirtan en alternativas viábeis.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

1. Demandar do administrador concursal flexibilidade nos tempos para incrementar as posibilidades de atopar comprador.
2. Intensificar os traballos da Mesa técnica de traballo e a colaboración co Comité de Empresa.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 06/06/2019 13:20:18

Xosé Luis Bará Torres na data 06/06/2019 13:20:29

María Montserrat Prado Cores na data 06/06/2019 13:20:36

Olalla Rodil Fernández na data 06/06/2019 13:21:17

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/06/2019 13:21:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 06/06/2019 13:21:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á situación da planta de Isowat na Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A continuidade da factoría Isowat. Cómpre recordar que a antiga Isolux Galicia, hoxe Isowat, situada no Polígono da Grela desde 1963, é un dos retos máis importantes que ten neste momento a industria galega.

Cómpre recordar que é unha planta altamente rendíbel, que recibiu diñeiro público en axudas, con carga de traballo para os vindeiros anos, pioneira tanto pola formación e experiencia do seu cadro de persoal como pola súas patentes grazas ás cales os seus produtos son solicitados internacionalmente.

Neste momento, as e os traballadores informan de que teñen un posíbel inversor que reúne as condicións necesarias para a viabilidade da fábrica e que neste momento a necesidade para unha saída positiva radica en que a entidade financeira Abanca sexa flexíbel nas súas condicións económicas respecto das naves.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a exercer como mediadora entre a entidade financeira Abanca e calquera posíbel inversor en Isowat para facilitar unha negociación flexible que posibilite o éxito da operación e a continuidade da fábrica galega.”

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 06/06/2019 13:47:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 06/06/2019 13:47:42

Olalla Rodil Fernández na data 06/06/2019 13:47:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/06/2019 13:48:01

María Montserrat Prado Cores na data 06/06/2019 13:48:13

Ana Pontón Mondelo na data 06/06/2019 13:48:24



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa dos seu deputado **Francisco Casal Vidal** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en Pleno, relativa a desenvolver un estudo sobre os períodos de caducidade das concesións hidráulicas en Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os encoros galegos con produción hidroeléctrica teñen unha potencia instalada que alcanza os 3.701 MW. Esta cifra sitúa a Galicia no 2º posto entre as CC.AA. e a súa potencia instalada representa o 21,7% de toda a península. A xeración hidráulica dos encoros varía según o ano hidrolóxico: nun bo ano como o 2016 alcanzou os 9.814 GWh (18% da xeración hidráulica total do Estado); baixando nun ano de seca como o 2017 aos 3.308 GWh.

Galicia conta co 5,4% da capacidade total peninsular de auga embalsada (2.534 Hm³), o que a sitúa na 6ª posición a nivel do Estado. O encoro máis antigo de Galicia data de 1949 (A central de As Conchas); a finalización da súa concesión se producirá en 2024. Outros 4 dos grandes encoros galegos produtores de enerxía eléctrica rematan a súa concesión na década dos anos 20. Na década dos anos 30 serán 9 as grandes centrais con concesión caducada.

En Galicia operan 2 demarcacións hidrográficas integramente no territorio do noso País: Galicia Costa (xestionada por Augas de Galicia) e Miño Sil (xestionada polo Estado) e dúas compartidas: Cantábrico e Douro.





A enorme importancia deste potencial de produción eléctrica para a Transición Enerxética Sustentable, coa máxima soberanía de Galicia, esixe ter a maior cantidade posible de información para poder desenvolver políticas e estratexias de futuro.

Unha información capital é o período de caducidade das concesións hidroeléctricas, para planificar con tempo suficiente as propostas de actuación desde Galicia e así evitar decisións do Estado claramente prexudiciais para o interese xeral de Galicia como a ampliación por 75 anos do período de concesión da Central de Os Peares ditaminada polo Goberno de Zapatero sen ningunha alegación nin oposición do Goberno da Xunta de Galicia. Sen esta ampliación Os Peares revertería ao público en 2030. 181 MW que poderían dar subministración a máis de 50.000 fogares.

Así mesmo habería que desenvolver argumentacións e ditames xurídicos para poder contrarrestar as esperables argucias xurídicas das compañías eléctricas para tentar manter as concesións mais alá do período máximo.

Ante a situación mencionada consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Desenvolver un estudo xurídico en profundidade que concrete os períodos de caducidade das concesións de todos os encoros con produción eléctrica no territorio de Galicia, así como calquera condicionante que puidera afectalos.





2.- En concreto poñer en marcha os traballos xurídicos e administrativos para garantir que a central de As Conchas pase a xestión pública no ano 2024, é trasladar esta exixencia ao Goberno do Estado.

3.- Do mesmo xeito poñer en marcha os traballos xurídicos e administrativos para garantir que as minicentrais que xa se encontran en período de caducidade ou o farán nos próximos anos pasen a xestión pública.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 06/06/2019 18:25:59

Luis Villares Naveira na data 06/06/2019 18:26:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa á necesidade de garantir a equidade en toda Galiza na atención do servizo de rehabilitación e a inclusión da terapia ocupacional no mesmo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Representantes do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais reuníronse co Grupo Parlamentar do BNG para trasladarnos información e a súa preocupación pola falta de recursos e de equidade para acceder ao servizo de terapia ocupacional no Sergas.

A Terapia Ocupacional é unha profesión sanitaria titulada e regulada na Lei 44/2003, de 21 de novembro, de Ordenación das Profesións Sanitarias como profesión de carácter diplomado. A Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionais define a disciplina como

unha profesión da saúde centrada na persoa, que ten como obxectivo a “promoción da Saúde e o Benestar a través da ocupación”, de xeito que a misión destes/as profesionais é a intervención máis adecuada, cun papel activo da persoa





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que contribúa a preservar, promover, manter e/ou mellorar a saúde, o benestar e a participación na comunidade.

Segundo a lei mencionada correspóndelles @s Diplomad@s Universitarios en Terapia Ocupacional a aplicación de técnicas e a realización de actividades de carácter ocupacional que tenden a potenciar ou suplir funcións físicas ou psíquicas diminuídas ou perdidas, e a orientar e estimular o desenvolvemento destas funcións.

Os ámbitos de actuación nos que @ terapeuta ocupacional pode desenvolver o seu labor son diversos, ao igual que as poboacións coas que traballa e o tipo de intervención que aplica. É especialmente relevante no ámbito sanitario e socio-sanitario: Equipos de Atención Primaria e Hospitalaria, Atención temperá, servizos de Medicina Física e Rehabilitación, oncoloxía, unidades de coidados paliativos, psicoxeriatría, rehabilitación neurolóxica (adquirida e neurodexenerativa) saúde mental, residencias e centros de día...

Segundo a información de nos traslada COTOGA (Colexio Terapeutas Ocupacionais de Galiza), hai arredor de 40 terapeutas ocupacionais prestando servizos no SERGAS, cun reparto irregular ao longo dos distintos servizos hospitalarios, practicamente inexistente nos hospitais comarcais e é inexistente en Atención Primaria.

As ratios de profesionais non permite proporcionar servizos de suficiente calidade á poboación galega. Así mesmo existe unha clara inequidade en Galiza en canto ao acceso ao servizo de terapia ocupacional, de xeito que son centos as persoas con problemas de saúde que poden derivar en situacións de dependencia e limitacións para a participación, que ven suprimido o seu dereito fundamental á





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

saúde, xa que non reciben o tratamento interdisciplinario adecuado e necesario para unha correcta rehabilitación das súas dificultades de autonomía persoal e participación na comunidade.

En definitiva a oferta de Terapia Ocupacional que ofrece o Sergas é moi deficiente, de xeito que @s doentes que precisan esta atención de forma xeneralizada, están sendo derivad@s a centros “concertados” ou teñen que acudir á asistencia privada, a pesar de que teñen dereito a recibir atención no ámbito público, xa que está recollida na carteira de servizos.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a garantir @s galeg@s a atención universal a Terapia Ocupacional de xeito que todas as persoas que requiran logopedia poidan ter acceso a ela sen demoras e próxima ao seu domicilio. Para acadar este obxectivo realizará as seguintes actuacións:

- - Incremento do cadro de persoal de terapeutas ocupacionais no Sergas que permita equiparar os equipos de rehabilitación en todas as áreas sanitarias , de xeito que todas conten con rehabilitación física (tanto adquirida como dexenerativa), rehabilitación pediátrica e saúde mental, con dotación como mínimo de fisioterapeutas, logopedas, terapeutas ocupacionais e psicólog@s nas equipas de rehabilitación de todos os hospitais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Dotación de terapeutas ocupacionais en Atención Primaria.
- Incluír o Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais no Consello Asesor Técnico de Atención Primaria.”

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 06/06/2019 18:28:32

Xosé Luis Bará Torres na data 06/06/2019 18:28:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 06/06/2019 18:28:46

Olalla Rodil Fernández na data 06/06/2019 18:28:54

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/06/2019 18:29:03

Ana Pontón Mondelo na data 06/06/2019 18:29:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** presenta a seguinte **corrección de erros** nos documentos con número de rexistro **50868** e **50873**.

Na parte resolutiva onde dí: “de xeito que todas as persoas que requiran logopedia”, debe dicir: “de xeito que todas as persoas que requiran terapia ocupacional”.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 11/06/2019 11:11:40



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

O Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2022 esixe que a acumulación e almacenamento de restos industriais, de construción e de demolición se faga co debido tratamento previo para evitar danos ao medio ambiente. O obxectivo non é outro que evitar que se realicen vertidos aforrando os custos dunha correcta xestión, que pasaría polo seu traslado a empresas de tratamento.

Ocorre que, no concello coruñés da Laracha, a “Asociación Profesional de Recicladores de Residuos de Construción e Demolición de Galicia” vén de denunciar un acopio de varios anos, depósito ilegal e xestión irregular de residuos de construción e demolición, potencialmente contaminantes, en fincas privadas sitas preto do campo de fútbol municipal. O Concello da Laracha notificou nestes días que, segundo o PXOM, son fincas rústicas, polo que as competencias recaerían na Xunta de Galicia.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia, a que en relación coa aplicación do Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2022:

1º. Investigue ás varias compañías do sector da construción que levan anos facendo acopio, depósito ilegal e xestión irregular de residuos de construción e demolición, potencialmente contaminantes, en fincas de solo rústico sitas no concello da Laracha.

2º. Depure e/ou asuma responsabilidades, no caso de que non houberse autorización nin ningún tratamento.

3º. Adopte as medidas oportunas para que a actividade cese de maneira inmediata.

Pazo do Parlamento, 31 de maio de 2019





Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 31/05/2019 13:28:30

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 31/05/2019 13:28:44

María Luisa Pierres López na data 31/05/2019 13:28:52

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 31/05/2019 13:29:00



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Á marxe do posicionamento crítico que como grupo parlamentar vimos mantendo a respecto da existencia e funcións das brigadas municipais de incendios, o que é unha realidade son as pésimas condicións en que estas desenvolven as súas funcións e traballo.

As citadas cuadrillas municipais non teñen un traxe persoal adecuado para faceren os desbroces e teñen que usaren os EPI que son específicos para o lume resultando moi pesados e con problemas de ventilación reducindo segundo o estudo *Influencia del EPI en el esfuerzo* (Tragsa, Fraternidad Muprespa, Universidad de León):

- Nun 36% o tempo máximo de esforzo.
- Nun 21% o tempo de tolerancia ó mesmo.
- Nun 22% a velocidade de desprazamento.
- Nun 16% a resistencia aeróbica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Son oito horas de desbroce as que teñen que facer en época de alto risco a temperaturas nada agradables e que danan ademais dos corpos tamén os Epis que acaban con restos do desbroce incrustados, zumes das herbas, e restos tamén de graxas e combustibles, roturas das cadeas das motoserras... Cando debiera ser un equipo específico para o lume sempre en perfectas condicións que faciliten o traballo e que defendan ós bombeiros que os usan.

Outro tanto acontece coas botas, luvas e demais material específico para incendios pero non así para os desbroces.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“Demandar do goberno galego o establecemento dunha partida orzamentaria para equipar as Brigadas Municipais de Incendios do equipamento persoal que facilite o seu traballo e non poña en risco a súa saúde e a súa efectividade no labor de prevención.”

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/06/2019 11:18:58

María Montserrat Prado Cores na data 03/06/2019 11:19:04

Ana Pontón Mondelo na data 03/06/2019 11:19:05

Olalla Rodil Fernández na data 03/06/2019 11:19:07

Noa Presas Bergantiños na data 03/06/2019 11:19:08

Xosé Luis Bará Torres na data 03/06/2019 11:19:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Tribunal Administrativo de Contratación Pública decretou o pasado 26 de abril a suspensión cautelar do proceso de licitación dos contratos de transporte de viaxeiros/as por estrada. Esta medida foi acordada a petición das patronais do sector e do sindicato CIG, que consideraban que os pregos teñen unhas estimacións de custos económicos erróneas, o que tería consecuencias moi negativas para a viabilidade do servizo e para as condicións laborais e salariais do persoal.

Posteriormente, tanto as organizacións sindicais como patronais presentaron recursos contra os pregos dos novos contratos, nos que sinalan numerosas deficiencias en materia de custos económicos das concesións e de vulneración da legalidade.

Tanto a suspensión cautelar como os recursos presentados poñen en evidencia as présas, a falta de rigor e a falta de planificación con que a Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade está a levar a posta en marcha do chamado Plan de Transporte Público por estrada, no que prevalecen criterios de aforro económico sobre a mellora do servizo público.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais dun discutíbel mapa de liñas, que pon de manifesto un defectuoso estudo de campo por parte das empresas consultoras, os pregos conteñen un deficiente estudo dos custos económico-financeiros das concesións, que se sitúan moi por debaixo dos compromisos adquiridos polo propio goberno galego e que terían como consecuencia principal a perda de postos de traballo e o empeoramento das condicións laborais e salariais dos traballadores e traballadoras. O acontecido no pasado co concurso do transporte sanitario do SERGAS, que se licitou por debaixo do custo real, é un precedente negativo que hai que ter en conta para evitar que se repita.

Esta suspensión cautelar e a resolución dos recursos pode afectar ao calendario de licitacións e adxudicacións establecido pola Dirección Xeral de Mobilidade, que prevía que os 100 primeiros contratos estivesen operativos en agosto e que os 50 restantes se licitarían no mes de xuño para entrar en funcionamento a finais de 2019.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a

1. Reformular os pregos de condicións da concesión do servizo público de transporte regular de viaxeiros por estrada (lotes XG 600 a XG 743) dado que a execución do contrato vai supoñer o incumprimento das obrigas sociais e laborais a respecto dos traballadores e traballadoras.
2. Abrir un proceso de diálogo e negociación con todos os axentes sociais e institucionais para elaborar un novo plan de transporte público por estrada, que se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

enmarque nun Plan Director de Mobilidade Sostíbel e que responda ás necesidades do territorio e da sociedade galega do século XXI.”

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 03/06/2019 12:14:52

María Montserrat Prado Cores na data 03/06/2019 12:14:58

Ana Pontón Mondelo na data 03/06/2019 12:15:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/06/2019 12:15:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 03/06/2019 12:15:04

Noa Presas Bergantiños na data 03/06/2019 12:15:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia, iniciou en 2011 a tramitación dun proxecto para a dragaxe e rexeneración da bancos marisqueiros no río Lérez e no fondo da ría de Pontevedra, nun treito de aproximadamente 4,3 km entre o Clube Naval e Os Praceres, no que está previsto retirar aproximadamente 330.000 toneladas de lamas e outros sedimentos. O custo estimado do proxecto é de 3 millóns de euros.

2. Despois de case 9 anos de tramitación, o proxecto aínda non se fixo realidade. A finais do ano 2016, o Presidente de Portos de Galicia reuniuse co alcalde de Pontevedra e cos portavoces dos grupos municipais para informalos das características do proxecto e dos prazos estimados para a súa realización. Naquela xuntanza, o responsábel de Portos informou da previsión de licitación do proxecto a comezos de 2018. En xaneiro de 2017, o DOG publicou o anteprojecto da dragaxe e a o estudo de impacto ambiental e abriuse o período de exposición pública para a presentación de alegacións.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. En relación co impacto ambiental das obras, as confrarías manifestaron a súa discrepancia coa previsión de depositar máis de 221.000 toneladas de sedimentos ao oeste da illa de Tambo e nos bancos marisqueiros ente Campelo e Combarro. Demandan a modificación desta parte do proxecto, de maneira que os sedimentos se depositen en mar aberto, fóra das augas da ría de Pontevedra.

O pasado mes de abril, Portos de Galiza anunciou a intención de cambiar a zona de vertido dos depósitos, trasladándoa ao exterior da ría. Mais non houbo noticias sobre a modificación do proxecto, sobre o orzamento e sobre o prazo para levalo a cabo.

4. A paralización do proxecto está a provocar un novo retraso nunha obra repetidamente adiada. Esta situación está a provocar graves consecuencias para ao sector do mar, xa que impide a rexeneración e recuperación de bancos marisqueiros do fondo da ría, prexudicando especialmente o sector do marisqueo a flote que viu moi mermada nos últimos anos a súa actividade e ingresos.

A colmatación da desembocadura e a canle do río Lérez tamén prexudica a navegación deportiva e a actividade do Náutico, debido ao escaso calado da canle de navegación do río e do porto deportivo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a

1. Licitar no segundo semestre de 2019 o proxecto da dragaxe da canle de acceso ao porto de Pontevedra no río Lérez.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Atender as demandas do sector pesqueiro e marisqueiro e incluír no proxecto a previsión de depositar os sedimentos fóra da ría de Pontevedra, en mar aberto.

3. Dotar orzamentariamente as partidas necesarias para levar a cabo nunha única fase o proxecto de dragaxe do fondo da ría e canle de acceso ao Porto deportivo de Pontevedra.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 03/06/2019 12:25:02

María Montserrat Prado Cores na data 03/06/2019 12:25:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 03/06/2019 12:25:08

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/06/2019 12:25:09

Olalla Rodil Fernández na data 03/06/2019 12:25:10

Noa Presas Bergantiños na data 03/06/2019 12:25:12



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.**

Exposición de motivos:

Galicia, entre os seus medios propios de rescate, posúe dúas embarcacións polivalentes de mediano porte, que son a “Irmáns García Nodal” e “Sebastián de Ocampo”, con base itinerante, empregadas tanto para a loita contra a contaminación así como no salvamento no mar, que se suman aos dous helicópteros, os coñecidos coma o Pesca I e Pesca II, con base en Vigo e Celeiro-Viveiro, con plena operatividade no rescate marítimo as 24h dos 365 días do ano.

Por todos é coñecido que o seu mantemento e disposición é sufragado integramente pola comunidade autónoma, estando ao servizo e atendendo as demandas de apoio e atención de SASEMAR, dando cumprimento así ao disposto polo Estatuto de Autonomía de Galicia que, no seu artigo 29 recolle que corresponde á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do Estado en, entre outras materias, salvamento marítimo.

Neste senso, cabe lembrar que este custe ronda os 14 M€ anuais, procedentes na súa totalidade de fondos propios, o que reduce considerablemente a capacidade de cofinanciar outras accións susceptibles de ser abordadas con fondos europeos, ou ben a posibilidade de poder desenvolver de forma directa outras actividades plenamente integradas no marco competencial marítimo-pesqueiro.

Por outra banda, cabe destacar a importancia do cobro das taxas que a Administración central percibe en concepto dos faros e sinais marítimas. De feito, co fin de compensar o déficit que arrastra anualmente SASEMAR, corrixeu ao alza a taxa de sinais marítimas, que abonan, entre outros, os buques pesqueiros, dos que lembramos que Galicia posúe en torno ao 45% de unidades.

Por todo isto, e tendo en conta que Galicia conta cun servizo de rescate único en España, que nos máis de 25 anos de historia salvou a vida de máis de 1.500 persoas, este Grupo Parlamentario presenta a seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



1. Demandar, para o sostemento da súa actuación en materia de salvamento marítimo, un apoio económico por parte do Ministerio de Fomento procedente das taxas recadadas que se destine ao financiamento das actividades realizadas pola Xunta que sexan análogas ás realizadas pola Administración Xeral do Estado neste eido
2. Axustar a taxa de faros e sinais marítimas mediante a cesión á Comunidade Autónoma de Galicia da parte proporcional da taxa aplicada á frota pesqueira galega”.

Santiago de Compostela, 3 xuño de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 03/06/2019 12:35:39

Teresa Egerique Mosquera na data 03/06/2019 12:36:43

María Ángeles Garcia Míguez na data 03/06/2019 12:37:31

Alberto Pazos Couñago na data 03/06/2019 12:37:50

Martín Fernández Prado na data 03/06/2019 12:38:10

Jaime Castiñeira Broz na data 03/06/2019 12:38:45

Marta Rodríguez Arias na data 03/06/2019 12:39:09

María Soraya Salorio Porral na data 03/06/2019 12:39:42

Daniel Vega Pérez na data 03/06/2019 12:40:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante os últimos anos a empresa Ferroatlántica ten protagonizado no noso país importantes crises e conflitos, como o intento de segregación e venda das centrais do Xallas no ano 2017. Cómpre recordar que Ferroatlántica explota as centrais hidroeléctricas do río Xallas a cambio do mantemento da produción industrial e dos postos de traballo na Costa da Morte. Esta empresa ten recibido grandes beneficios por esta condición. Porén, ten aplicado un modelo de explotación colonial no que esquilma os nosos recursos ao tempo que non desenvolve investimentos na modernización da empresa e incumpre sistematicamente os compromisos de mantemento e aumento do emprego.

Máis recentemente, o pasado 4 de febreiro de 2019 a empresa de Villar Mir comunicou un ERE temporal do 1 de marzo de 2019 ata o 28 de febreiro de 2021 (dos centros de traballo de Ce-Dumbria-Centrais Hidroeléctricas, Boo de Guarnizo, Sabón e a Unidade de Servicios Centrales de Madrid) que afectaría a máis de 400 persoas en Galiza, para alén do impacto no tecido industrial auxiliar. Unha decisión inxustificada que agocha o intento de desviar a produción a outras empresas do grupo para así poder





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xustificar con base á redución da produción calquera expediente de regulación de emprego, posto que cos beneficios que xera a produción enerxética do Xallas é imposíbel xustificar tal decisión e ao tempo puxo a producir ao 100% outras fábricas da marca.

Anterior a esa comunicación, en data 8 de novembro de 2018, Ferroatlántica comunica á representación legal dos traballadores a escisión dos centros de traballo de Boo de Guarnizo, Sabón e Servicios Centrales de Madrid en tres sociedades de responsabilidade limitada (FERROATLÁNTICA DE BOO S.L.U., FERROATLÁNTICA DE SABÓN S.L.U. e GRUPO FERROATLÁNTICA DE SERVICIOS S.L.U.). Esta modificación estrutural das novas sociedades publícase no Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME) en data 23 de novembro de 2018. Para a negociación do ERTE, a empresa Ferroatlántica anula esta operación de escisión de ditos centros de traballo. Unha vez firmado e presentado o ERTE a empresa Ferroatlántica rexistra no Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME) o día 9 de abril de 2019 unha nova escisión dos centros de traballo de Boo, Sabón e Servicios Centrais de Madrid en tres novas sociedades (FERROATLÁNTICA DE BOO S.L.U., FERROATLÁNTICA DE SABÓN S.L.U. e GRUPO FERROATLÁNTICA DE SERVICIOS S.L.U.)

O ERTE debería ter comezado a executarse o día 1 de marzo de 2019 e no momento de asinar esta iniciativa aínda non foi executado e as e os traballadores están a cumprir a súa xornada normal de traballo. Con todo, cómpre recordar que xa houbo un impacto económico e de emprego no cadro de persoal temporal e en industria auxiliar como é a do transporte. Así mesmo, a comezos de xaneiro as e os traballadores denunciaban o desprazamento polo Porto de Brens de materia prima a outras fábricas ao tempo que se demostraba que o verdadeiro Plan Industrial de Ferroatlántica eran os peches de unidades produtivas como son os fornos 13 e 14 dende finais do ano pasado





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ao tempo que outros centros elevaban a súa produción, evidenciando un castigo intencionado ás fábricas galegas.

Segundo denuncia o Comité de Empresa, esta situación vese agravada polas sospeitas dunha operación de venda. As sospeitas indican que Ferroatlántica traballa na actualidade nunha operación coa empresa Ferrovial mediante o sistema de maquiá coa axenda oculta de segregar as ferroaleacións das centrais hidroeléctricas. A manobra de enxeñería financeira claramente especulativa consistiría en que a empresa compradora adquiriría o centro de traballo de Cee-Dumbría e Centrais Hidroeléctricas para despois formalizar un contrato con Ferroatlántica co obxectivo de utilizar as instalación das fábricas para producir ferroaleacións e que a outra parte quede unicamente coa actividade hidroeléctrica producíndose unha segregación de facto, contraria ás condicións de cesión.

A esta difícil situación engádesse a incerteza xerada polo goberno central coa orde da poxa de interrompibilidade prevista para xuño. As mudanzas introducidas na concreción desta nova poxa botan de novo inqueda e inestabilidade sobre todo o sector, podendo traer consecuencias graves sobre a industria do noso país. Coa orde publicada no BOE, a Resolución de 24 de maio de 2019, da Secretaría de Estado de Enerxía, pola que se aproba o calendario e as características do procedemento competitivo de poxas para a asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade regulado na Orde IET/2013/2013, de 31 de outubro para o período entre o 1 de xullo e o 31 de decembro de 2019, entre outras medidas confírmase un cambio relevante: os bloques de 40 MW subastados serán como moito 16 cando na anterior poxa foron adxudicados 21. Ademais, o prezo de saída será máis baixo.

Neste contexto, prevese que Ferroatlántica fiquen fóra da poxa, ao que se engade que se as fábricas de Cee e Dumbría tiñan ata 2019 uns ingresos anuais de



aproximadamente 30 millóns de euros por interrompibilidade, estes ingresos van baixar considerablemente pola paralización dos fornos. Esta situación pon de relevo unha vez máis a urxencia de que o goberno español e a Xunta de Galiza se comprometan á creación dunha tarifa eléctrica industrial á que se poidan acoller as empresas electrointensivas, industrias grandes consumidoras de enerxía, liberando a estas industrias de pagar as peaxes, as primas ás renovábeis, os custes extrapeninsulares, os pagos por capacidade, a segunda parte do ciclo do combustíbel nuclear ou o déficit tarifario.

Conscientes de que a segregación das actividades de produción hidroeléctrica e de ferroaleacións é a ruína da única industria desta comarca, o Comité de Empresa vén de desenvolver contactos con todos os Grupos Parlamentares e de reiniciar unha axenda de mobilización. Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego compartimos as súas inxerencias e entendemos que é necesaria a intervención inmediata do Goberno da Xunta de Galiza neste problema de vital importancia na Costa da Morte para vetar esta operación especulativa advertindo das consecuencias que sobre as concesións administrativas hidroeléctricas poderían derivarse de levarse a cabo esa operación e comprometerse na defensa dos postos de traballo, da renovación industrial e da estabilización do sector electrointensivo e industrial en xeral.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a:

1. Demandar a Ferroatlántica a reactivación inmediata dos fornos 13 e 14 de Cee-Dumbría, o mantemento en activo de todos os postos de traballo e o cese da



estratexia de baleirado de funcións e desmantelamento encuberto dos centros de Cee-Dumbría e Sabón.

2. Constituír unha mesa de traballo permanente cos traballadores e traballadoras dos centros de Ferroatlántica en Galiza, e coas corporacións municipais dos concellos afectados, para facer unha fronte común de defensa do mantemento dos postos de traballo e da actividade produtiva.

3. Dirixirse a Ferroatlántica e ás empresas interesadas nunha hipotética venda para recordarlle as condicións de explotación e de obriga de non segregación das centrais da Costa da Morte.

4. Desenvolver os informes e actuacións legais necesarios para esixir, como titular das concesións hidroeléctricas do río Xallas, que Ferroatlántica garanta a viabilidade das plantas tanto en Cee-Dumbría como en Sabón, mantendo os postos de traballo, a actividade produtiva e os investimentos precisos para cumprir cos requisitos de cesión. De non cumprirse, a Xunta de Galiza comprométese a desenvolver o proceso de reversión destas.

5. Esixir do goberno central a inmediata aprobación do Estatuto de Electointensivas e o seu consenso co sector electointensivo galego así como a rectificación da súa política de mudanzas no sistema de poxas de interrompibilidade, convocando unha nova no caso de ser prexudicial a de xuño para o sector galego pola rebaixa de bloques e contías.

6. Defender a mudanza do o actual sistema de poxas de interrompibilidade por un sistema de tarifa industrial que sexa estábel no tempo, sempre e cando cumpran condicións de mantemento dos postos de traballo e da actividade produtiva e cumprimento dun plan industrial que será fiscalizado por parte das administracións





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

públicas. Neste novo marco tarifario deberase liberar ás empresas electrointensivas de forma permanente de asumir os custos das peaxes que carecen de relación directa co funcionamento da actividade industrial e co funcionamento do sistema eléctrico (bono social, primas ás renovábeis, custos extrapeninsulares, pagos por capacidade, pagos ao operador do sistema naqueles casos que se faga compra directa por medio de convenios bilaterais, 2º parte do ciclo do combustible nuclear e déficit tarifario).”

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/06/2019 13:34:03

María Montserrat Prado Cores na data 03/06/2019 13:34:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 03/06/2019 13:34:10

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/06/2019 13:34:11

Olalla Rodil Fernández na data 03/06/2019 13:34:12

Xosé Luis Bará Torres na data 03/06/2019 13:34:14



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados Antón Sánchez García, Francisco Casal Vidal e Marcos Cal Ogando, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a.

Exposición de motivos

O Defensor do Pobo defendeu, nun informe recente, o seu rexeitamento ao actual proxecto da mina de Touro. No documento alerta dunha cuestión que vimos denunciando dende hai anos, da “omisión inxustificada” do *Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia*, que considera “o instrumento a través do cal debe ordenarse o sector mineiro na comunidade autónoma garantindo a sostibilidade do aproveitamento, é dicir, a súa compatibilidade coa protección do medio ambiente, a súa conformidade coa ordenación territorial e os usos do chan e coa ponderación dos distintos intereses que concorren no desenvolvemento económico e social do territorio”.

O devandito Plan sectorial vén esixido pola Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia, na que se subliña a incidencia tremenda que a actividade mineira ten sobre o medio ambiente e a ordenación do territorio; incidencia que obriga a conciliar o desenvolvemento do sector mineiro cos bens xurídicos que se podería ver afectados por el.

Segundo o artigo 13 da Lei 3/2008, o Plan sectorial debe conter:

- a) Un diagnóstico da minaría en Galicia que inclúa referencias aos recursos existentes e en investigación, aos dereitos mineiros, aos





efectos da minaría sobre o contorno económico, social e ambiental, á localización das explotacións, ao emprego no sector con indicación das condicións laborais existentes e ás repercusións ambientais máis relevantes das explotacións existentes.

- b) A coordinación cos instrumentos de protección ambiental e patrimonio cultural coa determinación dos ámbitos incompatibles con actividades extractivas polas necesidades de preservación dos ditos bens sociais.
- c) A fixación de obxectivos de desenvolvemento do sector tendo en conta os condicionamentos territoriais, agrarios e ambientais e o obxectivo de diversificación e pechamento do ciclo produtivo.
- d) As liñas de actuación e os programas específicos, nomeadamente os destinados a concellos mineiros, de acordo cos principios de actuación desta lei.
- e) Os instrumentos financeiros e de xestión para a execución do plan e as liñas directrices das medidas de fomento da minaría que deberán estar presididas polos obxectivos que fixa esta lei.
- f) As bases da investigación mineira para acadar unha extracción, preparación e posta en mercado eficientes e sustentables dos recursos minerais.
- g) As accións encamiñadas a mellorar a calidade do emprego no sector, incrementará a seguridade e potenciará a formación dos traballadores e das traballadoras, así como a incorporación de mulleres a un sector onde están infrarrepresentadas a través de políticas de acción positivas.





h) A valoración económica das actuacións previstas.

O informe do Defensor do Pobo reivindica, así mesmo, que o Plan sectorial “debe someterse a avaliación ambiental estratéxica, de acordo co artigo 6.1 a) da Lei 21/2013, cuxa finalidade é analizar os efectos significativos que teñen ou poden ter os plans antes da súa aprobación, sobre o medio ambiente, incluíndo en dito análise os efectos de aqueles sobre os seguintes factores: a poboación, a saúde humana, a biodiversidade, o solo, o subsolo, o aire, a auga, a paisaxe, o patrimonio cultural, entre outros”.

Así, o Defensor do Pobo recomenda:

“Impulsar a tramitación do plan de actividades extractivas e sometelo a avaliación ambiental estratéxica, con carácter previo á súa elevación ao Consello de Goberno para a súa aprobación”.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a asumir de xeito inmediato a recomendación do Defensor do Pobo e elaborar, de xeito participativo e aberto á sociedade, o *Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia cun enfoque sostible ambiental, paisaxística e socialmente, someténdoo á avaliación ambiental estratéxica.*

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2019.





Asdo.: Antón Sánchez García

Francisco Casal Vidal

Marcos Cal Ogando

Vicevoceiro e deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 04/06/2019 14:16:45

Francisco Casal Vidal na data 04/06/2019 14:17:04

Marcos Cal Ogando na data 04/06/2019 14:17:23



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate **na Comisión 5.^a**.

Exposición de motivos

Durante o período estival, en moitas ocasións, os campamentos de verán son unha alternativa para a conciliación das familias debido a desconexión entre os calendarios laborais e escolares. Malia existir unha rede de campamentos autonómicos distribuídos por toda a xeografía galega esta non é suficiente, xa que o sistema sobre o que se estrutúraa esta actividade padece de deficiencias moi serias en tanto ao referido ao número de prazas e o sistema de selección dos cativos que poden desfrutar destas estanzas.

En primeiro lugar, dende o noso grupo parlamentario cremos necesario un incremento das prazas dispoñibles. Asemade tamén reclamamos ao goberno da Xunta de Galicia unha regulación de prezos regulada en base á situación familiar dos aplicantes, de tal forma que atenda as diferentes situacións económicas. Unha actividade lúdica pública como son os campamentos da Xunta non pode privar a nenos de realizar a mesma por falta de dispoñibilidade económica familiar para a mesma.

En segundo lugar, propomos a instauración dun novo criterio adxudicatario das prazas para os campamentos. O actual sistema consiste nun sorteo puro onde non se pondera ningún tipo de situación familiar, ou a existencia de nenos e





nenas que xa tiveran disfrutado dos campamentos fronte a outros que non tiveron esa oportunidade, o cal falta, claramente, o principio de igualdade e equidade; o novo sistema debería introducir un mecanismo que permita solventar a actual situación mediante a introdución de elementos correctores.

Dende o noso punto de vista a introdución desta medida suporía un importante avance no eido da política social, e máis concretamente no aspecto referido á conciliación familiar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1.- Modificar os mecanismos de acceso aos campamentos infantís e xuvenís, de tal forma que se introduzan mecanismos correctores que actúen sobre as repeticións de asistencia e as condicións sociolaborais das familias, de forma que se eviten posibles discriminacións.

2.- Incrementar o número de prazas dispoñibles nos mesmo.

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 04/06/2019 17:25:41

Luis Villares Naveira na data 04/06/2019 17:26:14



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A extrofia vesical (ou afectacións afíns) é unha patoloxía de prevalencia moi baixa, pero con enorme influencia sobre a calidade de vida das persoas que a padecen. Estímase que en España afecta a 1 de cada 500.000 nacementos, aínda que os datos varían segundo os estudos, o que a cualifica como enfermidade rara. En Galicia o número de persoas afectadas é pequeno.

A pesares dunha afectación pequena en número, a necesidade dunha atención moi próxima e continuada, xa dende o propio nacemento, supón unha preocupación natural de pais e nais de recentemente nados con esta patoloxía, ademais da importancia que ten toda mellora na atención para persoas que teñen esta problemática.

Actualmente, debido á especificidade, hai centros de referencia no sistema público nacional de saúde en Madrid e Barcelona, o que supón unha certa dificultade operativa tanto na continuidade asistencial para as persoas afectadas como no custe que supón a mobilidade.

Ademais do proceso asistencial para persoas afectadas, os colectivos de pacientes refiren a importancia que supón para pais e nais de recentemente nados con esta patoloxía unha atención próxima e específica ante unha situación de dificultade e de descoñecemento por parte dos proxenitores.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Estudar a viabilidade de asumir o custe de asistencia nun centro sanitario público de referencia do sistema nacional de saúde para persoas afectadas de extrofia vesical ou patoloxías afíns.
2. Elaborar un protocolo de actuación ante a detección de extrofia vesical ou patoloxías afíns para asesorar e informar a pais e nais sobre os procesos asistenciais a afrontar.

Pazo do Parlamento, 04 de xuño de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 05/06/2019 10:09:34

Noela Blanco Rodríguez na data 05/06/2019 10:09:47

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/06/2019 10:10:05



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

O contrato que forma parte do Programa de vivendas baleiras para a sinatura das posibles persoas arrendatarias, inclúe na súa cláusula II o seguinte texto:

1. A vivenda obxecto do presente contrato se destinará única e exclusivamente a satisfacer a necesidade permanente de vivenda da arrendataria e das persoas integrantes da súa unidade familiar ou convivencial de acordo ao establecido no artigo 3.1 da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos (en adiante, LAU). Non se poderá destinar a vivenda arrendada a ningunha actividade profesional, comercial, industrial o calquera outra das relacionadas no artigo 3.2 da LAU, incompatible coa súa actividade residencial.

E, en ningún caso, se poderán realizar nela actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas.

Queda prohibida a tenza de animais domésticos, respondendo a arrendataria dos danos que puideran causar.

Esta prohibición expresa de tenza de animais chama a atención que sexa o modelo empregado pola consellería, cando vén de aprobar unha Lei de 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia que no seu artigo 21, obrigacións específicas das persoas posuidoras e propietarias de animais domésticos e concretamente no seu punto 2 clarifica o seguinte: “A tenza de animais domésticos en recintos ou vivendas privadas queda condicionada ás necesidades etolóxicas de cada especie e raza, ao espazo, ás circunstancias hixiénicas óptimas e á adopción das axeitadas medidas de seguridade, sen prexuízo do disposto nas normas que constitúan o réxime interior das



comunidades de veciños. A tenza ou posesión de máis de cinco animais, maiores de tres meses, pertencentes á especie canina, estará sometida á obriga de comunicación previa á consellaría competente en materia de protección animal, de acordo co procedemento que se estableza regulamentariamente.”

E por outro a Lei de arrendamentos urbanos (LAU) no seu punto 4.2 indica que os arrendamentos de vivenda rexeranse polos pactos, cláusulas e condicións determinados pola vontade das partes, no marco do establecido no título II da presente lei e, supletoriamente, polo disposto no Código Civil.

A prohibición expresa á tenza de animais domésticos en vivendas arrendadas a través do Plan de vivendas baleiras, parece polo tanto que vai en contra da liberdade de exercer os pactos que puideran xurdir entre as partes libremente, e peor aínda, penaliza e exclúe o acceso a unha vivenda daquelas familias ou persoas posuidoras de calquera tipo de animal doméstico.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a adoptar medidas necesarias no marco do Plan de vivendas baleiras para que a tenza dun animal doméstico por parte da persoa arrendataria non sexa unha condición excluínte de cara ó acceso a unha vivenda, respectando en todo caso as normas de réxime interno da Comunidade de Propietarios, de existir, así como o acordo da propiedade da vivenda.

Pazo do Parlamento, 3 de xuño de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 05/06/2019 10:50:47

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/06/2019 10:51:00

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/06/2019 10:51:12

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/06/2019 10:51:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os espazos sitos en Rede Natura, e en outras figuras de protección medioambiental, representan a biodiversidade e son o máximo expoñente da riqueza natural e paisaxística de Galicia e deberían ser considerados coma unha oportunidade para o desenvolvemento rural.

Os espazos protexidos medioambientalmente teñen hipotecas de certos usos para as terras neles ubicadas, hipotecas de usos, que en aras do ben común, limitan a capacidade de decidir dos titulares como por en valor as súas propiedades.

Debido ó abandono, a falta de proxectos impulsores de dinámicas que creen riqueza e fixen poboación capaz de xestionar estes espazos fan que as condicións que rodean estas figuras de protección sexan unha lousa que se abate sobre a pouca xente que se atreve a vivir nestes territorios.

Sen embargo estes territorios sitos nas figuras de protección ambiental (titularidades particulares e montes veciñais en man común) xeran externalidades positivas para o conxunto da sociedade. Entre estas externalidades poderíamos citar:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Conservación, restauración e mellora do patrimonio natural, da biodiversidade e da paisaxe.

-Conservación dos solos e do réxime hidrolóxico evitando a desertización.

-Fixación do dióxido de carbono contribuíndo á mitigación do cambio climático.

-Recarga de acuíferos e prevención de riscos xeolóxicos.

-Uso público.

Para que estes espazos protexidos cumpran estas externalidades das que se beneficia a sociedade galega no seu conxunto e que están cuantificadas economicamente, para que xeren dinamización no medio rural teñen que estar xestionados e non abandonados.

Pero esta xestión tradúcese en custes para os titulares dos mesmos. Teñen que ter planos de ordenación, faceren traballos de silvicultura, manteren equipos para combateren os lumes...

Parece lóxico, pois, que por estas externalidades os titulares reciben certas compensacións, non entendidas coma esmola ou gracias, trataríase dunha redistribución dos custes medioambientais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

-Desenvolver as actuacións necesarias en orde á tramitación e aprobación dun proxecto de regulamentación de mecanismos necesarios e condicións para incentivar as externalidades positivas dos terreos que se encontren en Rede Natura e outras figuras de protección ambiental.

-Establecer pagos directos ós titulares das terras (particulares e veciñais) nas zonas de alta montaña ou despoboadas, co fin de incrementar as rendas e poidan fixar poboación .

- Incrementar a porcentaxe ata o 100% nas liñas de axudas referidas a Traballos de Silvicultura, plantacións, incremento da superficie de frondosas. posta en valor do monte de xeito multifuncional e sustentable, proxectos dinamizadores do medio rural...

Olalla Rodil Fernández na data 03/06/2019 11:24:56

Noa Presas Bergantiños na data 03/06/2019 11:24:57

Xosé Luis Bará Torres na data 03/06/2019 11:24:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

O Tribunal Administrativo de Contratación Pública decretou o pasado 26 de abril a suspensión cautelar do proceso de licitación dos contratos de transporte de viaxeiros/as por estrada. Esta medida foi acordada a petición das patronais do sector e do sindicato CIG, que consideraban que os pregos teñen unhas estimacións de custos económicos erróneas, o que tería consecuencias moi negativas para a viabilidade do servizo e para as condicións laborais e salariais do persoal.

Posteriormente, tanto as organizacións sindicais como patronais presentaron recursos contra os pregos dos novos contratos, nos que sinalan numerosas deficiencias en materia de custos económicos das concesións e de vulneración da legalidade.

Tanto a suspensión cautelar como os recursos presentados poñen en evidencia as présas, a falta de rigor e a falta de planificación con que a Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade está a levar a posta en marcha do chamado Plan de Transporte Público por estrada, no que prevalecen criterios de aforro económico sobre a mellora do servizo público.

Ademais dun discutíbel mapa de liñas, que pon de manifesto un defectuoso estudo de campo por parte das empresas consultoras, os pregos conteñen un deficiente estudo dos custos económico-financeiros das concesións, que se sitúan moi por debaixo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dos compromisos adquiridos polo propio goberno galego e que terían como consecuencia principal a perda de postos de traballo e o empeoramento das condicións laborais e salariais dos traballadores e traballadoras. O acontecido no pasado co concurso do transporte sanitario do SERGAS, que se licitou por debaixo do custo real, é un precedente negativo que hai que ter en conta para evitar que se repita.

Esta suspensión cautelar e a resolución dos recursos pode afectar ao calendario de licitacións e adxudicacións establecido pola Dirección Xeral de Mobilidade, que prevía que os 100 primeiros contratos estivesen operativos en agosto e que os 50 restantes se licitarían no mes de xuño para entrar en funcionamento a finais de 2019.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

1. Como valora a Xunta de Galiza a suspensión cautelar do procedemento para a concesión do servizo público de transporte regular de viaxeiros por estrada acordado polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública?
2. Que opinión lle merece ao goberno galego que esta licitación fose recorrida por todas as organizacións sindicais e patronais do sector?
3. Ten previsto a Xunta de Galiza reformular os pregos para atender as demandas do sector?
4. En que medida a suspensión cautelar e os recursos poden alterar o calendario previsto pola Xunta de Galiza para a adxudicación e posta en funcionamento das novas concesións?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Considera necesario o goberno galego elaborar e acordar un novo Plan de Transporte Público por estrada encadrado nun Plan Director de Mobilidade Sostíbel, que sexa resultado do diálogo e da negociación con todos os axentes sociais e institucionais e que responda as necesidades do territorio e da sociedade galega do século XXI?

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 03/06/2019 12:18:44

María Montserrat Prado Cores na data 03/06/2019 12:18:49

Ana Pontón Mondelo na data 03/06/2019 12:18:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/06/2019 12:18:53

Olalla Rodil Fernández na data 03/06/2019 12:18:54

Noa Presas Bergantiños na data 03/06/2019 12:18:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

1. A Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia, iniciou en 2011 a tramitación dun proxecto para a dragaxe e rexeneración da bancos marisqueiros no río Lérez e no fondo da ría de Pontevedra, nun treito de aproximadamente 4,3 km entre o Clube Naval e Os Praceres, no que está previsto retirar aproximadamente 330.000 toneladas de lamas e outros sedimentos. O custo estimado do proxecto é de 3 millóns de euros.

2. Despois de case 9 anos de tramitación, o proxecto aínda non se fixo realidade. A finais do ano 2016, o Presidente de Portos de Galicia reuniuse co alcalde de Pontevedra e cos portavoces dos grupos municipais para informalos das características do proxecto e dos prazos estimados para a súa realización. Naquela xuntanza, o responsábel de Portos informou da previsión de licitación do proxecto a comezos de 2018. En xaneiro de 2017, o DOG publicou o anteprojecto da dragaxe e a o estudo de impacto ambiental e abriuse o período de exposición pública para a presentación de alegacións.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. En relación co impacto ambiental das obras, as confrarías manifestaron a súa discrepancia coa previsión de depositar máis de 221.000 toneladas de sedimentos ao oeste da illa de Tambo e nos bancos marisqueiros ente Campelo e Combarro. Demandan a modificación desta parte do proxecto, de maneira que os sedimentos se depositen en mar aberto, fóra das augas da ría de Pontevedra.

O pasado mes de abril, Portos de Galiza anunciou a intención de cambiar a zona de vertido dos depósitos, trasladándoa ao exterior da ría. Mais non houbo noticias sobre a modificación do proxecto, sobre o orzamento e sobre o prazo para levalo a cabo.

4. A paralización do proxecto está a provocar un novo retraso nunha obra repetidamente adiada. Esta situación está a provocar graves consecuencias para ao sector do mar, xa que impide a rexeneración e recuperación de bancos marisqueiros do fondo da ría, prexudicando especialmente o sector do marisqueo a flote que viu moi mermada nos últimos anos a súa actividade e ingresos.

A colmatación da desembocadura e a canle do río Lérez tamén prexudica a navegación deportiva e a actividade do Náutico, debido ao escaso calado da canle de navegación do río e do porto deportivo.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

1. En que prazo prevé a Xunta de Galiza licitar o proxecto da dragaxe da canle de acceso ao porto de Pontevedra no río Lérez?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Ten previsto o goberno galego modificar o proxecto para atender as demandas do sector pesqueiro e marisqueiro que piden que os sedimentos se depositen fóra da ría de Pontevedra, en mar aberto?

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Montserrat Prado Cores
Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 03/06/2019 12:31:39

María Montserrat Prado Cores na data 03/06/2019 12:31:43

Ana Pontón Mondelo na data 03/06/2019 12:31:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/06/2019 12:31:48

Olalla Rodil Fernández na data 03/06/2019 12:31:49

Noa Presas Bergantiños na data 03/06/2019 12:31:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Durante os últimos anos a empresa Ferroatlántica ten protagonizado no noso país importantes crises e conflitos, como o intento de segregación e venda das centrais do Xallas no ano 2017. Cómpre recordar que Ferroatlántica explota as centrais hidroeléctricas do río Xallas a cambio do mantemento da produción industrial e dos postos de traballo na Costa da Morte. Esta empresa ten recibido grandes beneficios por esta condición. Porén, ten aplicado un modelo de explotación colonial no que esquilma os nosos recursos ao tempo que non desenvolve investimentos na modernización da empresa e incumpre sistematicamente os compromisos de mantemento e aumento do emprego.

Máis recentemente, o pasado 4 de febreiro de 2019 a empresa de Villar Mir comunicou un ERE temporal do 1 de marzo de 2019 ata o 28 de febreiro de 2021 (dos centros de traballo de Ce-Dumbria-Centrais Hidroeléctricas, Boo de Guarnizo, Sabón e a Unidade de Servicios Centrales de Madrid) que afectaría a máis de 400 persoas en Galiza, para alén do impacto no tecido industrial auxiliar. Unha decisión inxustificada que agocha o intento de desviar a produción a outras empresas do grupo para así poder xustificar con base á redución da produción calquera expediente de regulación de emprego, posto que cos beneficios que xera a produción enerxética do Xallas é





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

imposíbel xustificar tal decisión e ao tempo puxo a producir ao 100% outras fábricas da marca.

Anterior a esa comunicación, en data 8 de novembro de 2018, Ferroatlántica comunica á representación legal dos traballadores a escisión dos centros de traballo de Boo de Guarnizo, Sabón e Servicios Centrales de Madrid en tres sociedades de responsabilidade limitada (FERROATLÁNTICA DE BOO S.L.U., FERROATLÁNTICA DE SABÓN S.L.U. e GRUPO FERROATLÁNTICA DE SERVICIOS S.L.U.). Esta modificación estrutural das novas sociedades publícase no Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME) en data 23 de novembro de 2018. Para a negociación do ERTE, a empresa Ferroatlántica anula esta operación de escisión de ditos centros de traballo. Unha vez firmado e presentado o ERTE a empresa Ferroatlántica rexistra no Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME) o día 9 de abril de 2019 unha nova escisión dos centros de traballo de Boo, Sabón e Servicios Centrais de Madrid en tres novas sociedades (FERROATLÁNTICA DE BOO S.L.U., FERROATLÁNTICA DE SABÓN S.L.U. e GRUPO FERROATLÁNTICA DE SERVICIOS S.L.U.)

O ERTE debería ter comezado a executarse o día 1 de marzo de 2019 e no momento de asinar esta iniciativa aínda non foi executado e as e os traballadores están a cumprir a súa xornada normal de traballo. Con todo, cómpre recordar que xa houbo un impacto económico e de emprego no cadro de persoal temporal e en industria auxiliar como é a do transporte. Así mesmo, a comezos de xaneiro as e os traballadores denunciaban o desprazamento polo Porto de Brens de materia prima a outras fábricas ao tempo que se demostraba que o verdadeiro Plan Industrial de Ferroatlántica eran os peches de unidades produtivas como son os fornos 13 e 14 dende finais do ano pasado ao tempo que outros centros elevaban a súa produción, evidenciando un castigo intencionado ás fábricas galegas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo denuncia o Comité de Empresa, esta situación vese agravada polas sospeitas dunha operación de venda. As sospeitas indican que Ferroatlántica traballa na actualidade nunha operación coa empresa Ferrovial mediante o sistema de maquiá coa axenda oculta de segregar as ferroaleacións das centrais hidroeléctricas. A manobra de enxeñería financeira claramente especulativa consistiría en que a empresa compradora adquiriría o centro de traballo de Cee-Dumbría e Centrais Hidroeléctricas para despois formalizar un contrato con Ferroatlántica co obxectivo de utilizar as instalación das fábricas para producir ferroaleacións e que a outra parte quede unicamente coa actividade hidroeléctrica producíndose unha segregación de facto, contraria ás condicións de cesión.

A esta difícil situación engádesse a incerteza xerada polo goberno central coa orde da poxa de interrompibilidade prevista para xuño. As mudanzas introducidas na concreción desta nova poxa botan de novo inqueda e inestabilidade sobre todo o sector, podendo traer consecuencias graves sobre a industria do noso país. Coa orde publicada no BOE, a Resolución de 24 de maio de 2019, da Secretaría de Estado de Enerxía, pola que se aproba o calendario e as características do procedemento competitivo de poxas para a asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade regulado na Orde IET/2013/2013, de 31 de outubro para o período entre o 1 de xullo e o 31 de decembro de 2019, entre outras medidas confírmase un cambio relevante: os bloques de 40 MW subastados serán como moito 16 cando na anterior poxa foron adxudicados 21. Ademais, o prezo de saída será máis baixo.

Neste contexto, prevese que Ferroatlántica fiquese fóra da poxa, ao que se engade que se as fábricas de Cee e Dumbría tiñan ata 2019 uns ingresos anuais de aproximadamente 30 millóns de euros por interrompibilidade, estes ingresos van baixar considerablemente pola paralización dos fornos. Esta situación pon de relevo unha vez máis a urxencia de que o goberno español e a Xunta de Galiza se comprometan á





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

creación dunha tarifa eléctrica industrial á que se poidan acoller as empresas electrointensivas, industrias grandes consumidoras de enerxía, liberando a estas industrias de pagar as peaxes, as primas ás renovábeis, os custes extrapeninsulares, os pagos por capacidade, a segunda parte do ciclo do combustíbel nuclear ou o déficit tarifario.

Conscientes de que a segregación das actividades de produción hidroeléctrica e de ferroaleacións é a ruína da única industria desta comarca, o Comité de Empresa vén de desenvolver contactos con todos os Grupos Parlamentares e de reiniciar unha axenda de mobilización. Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego compartimos as súas inquedanzas e entendemos que é necesaria a intervención inmediata do Goberno da Xunta de Galiza neste problema de vital importancia na Costa da Morte para vetar esta operación especulativa advertindo das consecuencias que sobre as concesións administrativas hidroeléctricas poderían derivarse de levarse a cabo esa operación e comprometerse na defensa dos postos de traballo, da renovación industrial e da estabilización do sector electrointensivo e industrial en xeral.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Como avalía a Xunta de Galiza a situación de Ferroatlántica?

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para defender os intereses da Costa da Morte diante das operacións especulativas de Villar Mir?

Tivo coñecemento a Xunta de Galiza dalgunha posibilidade de venta recente? En que data? A través de que fonte? Dirixiuse o goberno galego á empresa de Villar Mir para coñecer a súa situación?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como valora o impacto da poxa de interrompibilidade de xuño de 2019?

É coñecedora a Xunta de Galiza da posibilidade dunha operación de maquía da produción hidroeléctrica e ferroaleacións no centro de Cee-Dumbría e Centrais Hidroeléctricas de Ferroatlántica? Que valoración lle merece?

É coñecedora a Xunta de Galiza das graves consecuencias que esta operación de enxeñaría financeira podería supor para o futuro da Costa da Morte?

Como xustifica a súa pasividade a Administración Galega diante do drama no que se está xogando o futuro desta comarca?

Está a Xunta de Galiza esquecendo as sentenzas perfectamente razoadas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e do Tribunal Supremo sobre as condicións das concesións destes bens públicos?

Vai facer valer a Xunta de Galiza as condicións de non segregación para preservar o interese público dos aproveitamentos hidroeléctricos dos ríos Xallas e Grande do Porto?

Ten valorado a Xunta de Galiza o impacto da situación de Ferroatlántica no porto de Brens?

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/06/2019 13:40:31

María Montserrat Prado Cores na data 03/06/2019 13:40:37

Ana Pontón Mondelo na data 03/06/2019 13:40:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/06/2019 13:40:40

Olalla Rodil Fernández na data 03/06/2019 13:40:42

Xosé Luis Bará Torres na data 03/06/2019 13:40:43



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**.

En 2019, un ano máis, a Xunta continúa sen desenvolver unha rede pública de ensino infantil 0-3 anos, con centos de familias en lista de agarda nas escolas infantís de titularidade autonómica, nun País coas peores taxas de saldo vexetativo do Estado.

En xuño de 2019, cos datos definitivos por centros de titularidade autonómica dependentes do Consorcio, hai 3.553 crianzas en lista de agarda para unha praza en escola infantil dependente da Xunta. Así, o número de prazas en Escolas Infantís de titularidade autonómica para o curso 2019-2020 elévase a 10.380, con desigual distribución por provincias. Das novas inscricións, 590 nenas e nenos son en escolas da Galiña Azul da Coruña, 3172 nas que hai en Pontevedra, 920 nas de Ourense e 912 nos centros da Xunta en Lugo. Ademais, no conxunto da rede autonómica hai admitidos 33 menores de 0 a 3 anos con necesidades especiais e 969 pertencentes a familias numerosas.

A rede das escolas infantís dependentes da Xunta ten unha distribución territorial moi desigual, continuando Lugo como a provincia con menor rateo de escolas públicas autonómicas (só 15 Galiña Azul).

Tamén é limitante en canto ao acceso a escolas infantís a suba de prezos, que se actualizan co IPC, cando as rendas das familias se estancaron ou caeron, sobre todo das máis baixas.





Contar con recursos de conciliación en todo o territorio debe ser unha prioridade do goberno dun País socialmente avanzado, máis cando se trata dunha nación en grave regresión demográfica.

Dende o punto de vista da conciliación, as escolas infantís son fundamentais para garantir a igualdade real de oportunidades entre homes e mulleres, pois seguen sendo as mulleres as principais coidadoras de menores de 3 anos, as que máis solicitan redución de xornada por coidado de fillos/as e as que máis tempo adican a tarefas relacionadas co coidado e co fogar.

A rede de ensino infantil é un recurso fundamental desde este punto de vista da conciliación, pero non suficiente, pois hai que elevar os permisos de maternidade e paternidade.

Por outro lado, a etapa educativa dos 0 a 3 anos é esencial e garante mellores resultados académicos posteriores.

Polo exposto, a deputada que subscribe presenta a seguinte Interpelación:

1. Como vai garantir a Xunta de Galicia a universalización do ensino 0-3 anos? Ten a Xunta un plan para o despregamento dunha rede pública de ensino infantil de 0 a 3 anos que teña en conta as necesidades reais da poboación das comarcas galegas?

2. Cantos bonos Concilia se concederon por municipios no ano 2018?





3. Considera a Xunta o bono Concilia unha medida conxuntural ou estrutural? Non cre que este modelo favorece o negocio privado fronte o despregamento dunha rede pública?
4. Vai a Xunta aumentar as partidas para construción de novas escolas infantís públicas autonómicas nos Orzamentos de 2020? Cantas novas escolas de ensino infantil vai a Xunta construír en cada unha das provincias galegas en 2020?

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2019

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 04/06/2019 18:45:05



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A extrofia vesical (ou afectacións afíns) é unha patoloxía de prevalencia moi baixa, pero con enorme influencia sobre a calidade de vida das persoas que a padecen. Estímase que en España afecta a 1 de cada 500.000 nacementos, aínda que os datos varían segundo os estudos, o que a cualifica como enfermidade rara. En Galicia o número de persoas afectadas é pequeno.

A pesares dunha afectación pequena en número, a necesidade dunha atención moi próxima e continuada, xa dende o propio nacemento, supón unha preocupación natural de pais e nais de recentemente nados con esta patoloxía, ademais da importancia que ten toda mellora na atención para persoas que teñen esta problemática.

Actualmente, debido á especificidade, hai centros de referencia no sistema público nacional de saúde en Madrid e Barcelona, o que supón unha certa dificultade operativa tanto na continuidade asistencial para as persoas afectadas como no custe que supón a mobilidade.

Ademais do proceso asistencial para persoas afectadas, os colectivos de pacientes refiren a importancia que supón para pais e nais de recentemente nados con esta patoloxía unha atención próxima e específica ante unha situación de dificultade e de descoñecemento por parte dos proxenitores.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Valora a Xunta de Galicia a posibilidade de asumir os custes da asistencia sanitaria en centros de referencia públicos fora de Galicia para as persoas galegas afectadas de extrofia vesical ou patoloxías afíns?
2. Ten a Xunta de Galicia establecido un protocolo de actuación ante a detección de extrofia vesical ou patoloxías afíns?



3. Existe nos procedementos de actuación do Sergas un protocolo de información e asesoramento a pais/nais de recentemente nados con extrofia vesical ou patoloxías afíns?

Pazo do Parlamento, 04 de xuño de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 05/06/2019 10:11:45

Noela Blanco Rodríguez na data 05/06/2019 10:11:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o grao de aplicación e desenvolvemento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galiza e as medidas que debe adoptar o Goberno galego para avanzar cara á unha sociedade inclusiva, diversa, máis democrática e xusta.

En abril de 2014 o Parlamento aprobou por unanimidade a Lei 2/2014 pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais.

Galiza convertíase así no primeiro territorio do Estado español en contar cun instrumento normativo contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero. Porén, transcorridos cinco anos desde a súa aprobación e entrada en vigor o noso país foi ficando atrás.

Alén das limitacións coas que o propio texto legal naceu --nomeadamente a non incorporación dun capítulo de sancións ou dun protocolo de resposta perante agresións LGBTfóbicas que si prevía o proxecto de lei no seu inicio-- o veto do Partido Popular en xullo de 2017 a continuar avanzando cunha Lei galega de identidade de xénero, desprazou Galiza da posición de vangarda.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De facto, a Lei 2/2014 apenas inclúe unha única referencia expresa á transexualidade (artigo 20) en relación á garantía de “atención sanitaria, segundo a necesidade e o criterio clínico, das prácticas e para as terapias relacionadas coa transexualidade”.

A falta de impulso e vontade política do Partido Popular na Xunta de Galiza fixo que transcorridos cinco anos continúe sen se aplicar e desenvolver na súa totalidade a Lei 2/2014.

Así pois,

a) No **ámbito laboral** a Xunta de Galiza tiña obriga de elaborar un estudo no que se visibilizase a situación das persoas LGBT para os efectos de coñecer a súa situación laboral e as medidas a adoptar para loitar contra a súa discriminación en empresas públicas e privadas (artigo 12.3). Non se fixo.

Tampouco se ten elaborado un protocolo de igualdade e boas prácticas en materia de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero (artigo 12.7). O Consello Galego de Relacións Laborais ten publicado unha *Guía de boas prácticas en materia de igualdade para a negociación colectiva* mais ao abeiro da Lei 3/2007 de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. A guía só fai referencia en dúas ocasións á discriminación por orientación sexual e nin unha soa á transexualidade.

b) No **ámbito social e familiar**, lonxe de aproveitar a rede de Centros Quérote creada polo BNG durante o Goberno bipartito, o Partido Popular optou por derivar a atención de persoas LGBT aos CIM coa reforma do Decreto que os regula en 2016 sobrecargando aínda máis estes servizos e a un persoal sen a formación necesaria. Durante a última década, ademais, baleirouse de contido os Quérote poñendo fin a





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

importantes programas dirixidos especialmente á non discriminación do colectivo LGBT como *Entendo*.

c) No **ámbito sanitario** e especificamente no referido ás persoas transexuais, a Xunta de Galiza ten aprobado a Instrución 13/2017 pola que se establece o procedemento a seguir polos profesionais do SERGAS para a atención á transexualidade das persoas menores de idade. Un texto claramente insuficiente, enfocado na creación da unidade de referencia do CHUS mais que non unifica criterios de asistencia e no acceso a tratamentos polo que precisa ser complementada cun protocolo que foi anunciado mais non aprobado até o momento.

Neste senso, a Xunta de Galiza –ao contrario que outros territorios como Aragón, Madrid, Valencia ou Andalucía-- non permite a modificación da identidade na tarxeta sanitaria, aínda que insta ao uso do nome sentido durante a atención sanitaria. Isto evidencia a necesidade de mudanzas legais como as previstas no proxecto de Lei galega de identidade de xénero vetado en 2017.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Transcorridos cinco anos da aprobación da Lei 2/2014 que valoración fai a Xunta de Galiza do grao de cumprimento e desenvolvemento da mesma?
- Cre que o actual marco normativo é suficiente para garantir os dereitos das persoas LGBT?
- Cre a Xunta de Galiza que os dereitos das persoas transexuais, nomeadamente menores de idade, están garantidos na actualidade, especialmente no ámbito sanitario?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- En que situación se atopa actualmente a Unidade de referencia do CHUS e o protocolo sanitario?

- E no ámbito laboral?

- Por que non ten feito a Xunta de Galiza –como prevé a Lei 2/2014-- un estudo sobre a situación das persoas LGBT e un protocolo de non discriminación no ámbito laboral?

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 05/06/2019 13:57:48

Xosé Luis Bará Torres na data 05/06/2019 13:57:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 05/06/2019 13:58:05

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/06/2019 13:58:28

María Montserrat Prado Cores na data 05/06/2019 13:58:35

Ana Pontón Mondelo na data 05/06/2019 13:58:45



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, dependente da Consellería de Política Social, vén de presentar o programa SON voluntario/a, en colaboración coa Asociación Empresarial Festivais de Galicia.

Este programa está destinado a algúns dos festivais de música de Galicia e a eventos de similar natureza nos que as mozas e mozos participantes realizarán diferentes tarefas.

Segundo o anunciado, algunhas das tarefas das que se encargarán son: ofrecer información de interese sobre os servizos que ofrece o festival, facilitar a circulación das persoas dentro do recinto, axuda a mobilidade de vehículos, e realizar, de ser o caso, actividades de sensibilización medioambiental.

Algunhas das actividades que aparecen reflectidas que levarían a cabo as voluntarias/os de maneira gratuíta son semellantes ás que podería desempeñar persoal das empresas organizadoras dos eventos, co conseguinte risco de que esta medida poida conlevar a supresión de postos de traballo remunerados.

Un dos argumentos dados por parte da Xunta de Galicia para a posta en marcha desta iniciativa é o fomento da participación activa da mocidade nos festivais de música de Galicia, pero para tal fin, e para mellorar a accesibilidade á cultura, en termos xerais, por parte da mocidade, existen, na nosa opinión, fórmulas moito máis acaídas.





Por este motivos presentamos a seguinte Interpelación:

1. Que tarefas concretas van desempeñar as/os voluntarias/os do programa Son voluntaria/o? En que se basearon para definilas?
2. Ten previsto a Xunta de Galicia por as medidas necesarias para que este programa non signifique en ningún caso que se reduza o persoal de organización e atención ao público nalgúns festivais ou poida supor unha merma nos dereitos laborais das persoas contratadas?
3. Vai dedicar algún orzamento para a posta en marcha deste Plan? De ser afirmativo, cal?
4. Que outras medidas están adoptando ou pensan adoptar para achegar a cultura á mocidade?

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 06/06/2019 11:51:48

Luca Chao Pérez na data 06/06/2019 11:52:03

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 06/06/2019 11:52:22



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Marcos Cal Ogando, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **INTERPELACIÓN**.

A loita contra lgtbifobia e a defensa dos dereitos das persoas LGTBI+ debe ser unha prioridade para as administracións públicas, xa que, a pesar de que se teñen dado avances nos últimos tempos, grazas, fundamentalmente, aos esforzos do tecido asociativo, aínda queda moito por facer para conquistar a igualdade plena.

No ano 2014, Galicia aprobaba a Lei 2/2014, pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais; un marco que supuxo un avance pero que non incluíu algúns asuntos fundamentais polo veto do Partido PP. Ademais, aínda está lonxe de ser cumprida no seu conxunto, en parte porque moitos dos seus apartados están sen desenvolver.

En dita lei, por exemplo, recóllese, na súa Disposición Adicional, a necesidade de informar ao Parlamento de Galicia mediante a remisión dun informe sobre a aplicación desta con carácter trianual. A Xunta de Galicia presentou un documento pasados catro anos que só era unha descrición da Lei 2/2014 e dúas sinxelas actuacións, que ademais recibiron as críticas do tecido asociativo pola súa ineficacia. A Xunta non puido elaborar un informe serio a día de hoxe porque a lei continúa a estar sen desenvolver.

Por outra banda, no ano 2017, o PP botou abaixo unha Proposta de Lei de identidade de xénero realizada polos propios colectivos, dificultando que os dereitos das persoas transexuais se recoñezan e se respecten.





Esta Lei buscaba algo tan básico como o libre recoñecemento e respecto á libre manifestación da identidade de xénero. Abordaba ámbitos como a xestión administrativa cotián, a atención sanitaria, medidas educativas e de formación ou medidas para conquistar garantías de non discriminación no ámbito laboral.

Unha lexislación necesaria porque as dificultades existentes, incluso en cuestións tan básicas como ver recoñecida a súa identidade, son múltiples.

No ámbito sanitario a perspectiva de tutelaxe e segregación continúa presente, existindo trabas para o acceso aos tratamentos e persistindo unha diferenza importante en función da zona onde vivas.

No ámbito laboral os prexuízos tamén continúan presentes dificultando en moitas ocasións o acceso a un emprego.

Na Lei do 2014, no seu artigo 12. Medidas de promoción de igualdade de trato e non discriminación por parte da Administración autonómica galega, recóllese que o órgano competente da Comunidade Autónoma en materia de traballo establecerá un programa de información e divulgación da normativa aplicable relativa á non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, así como programas de loita contra a discriminación, particularmente no ámbito laboral, dirixidos a empresarios e empresarias, sindicatos, autónomos, responsables da inspección laboral, do servizo público de emprego e de calquera centro de traballo, e tamén, que a Administración autonómica promoverá a elaboración dun estudo no que se visibilice a situación das persoas LGTBI e no que se garantan a confidencialidade e a privacidade dos datos das persoas, para os efectos de coñecer a súa situación laboral e as medidas que se deben adoptar para loitar contra a súa posible discriminación no ámbito das empresas públicas e





privadas. Pero a día de hoxe non se coñecen os avances na posta en marcha destes plans e estudos.

Faise preciso non só crear protocolos máis adaptados á realidade en todos os ámbitos, contando coa participación do tecido asociativo, senón tamén aumentar o coñecemento dos xa existentes por parte dos profesionais, xa que en ocasións, a pesar de existir non se están cumprindo, algo que se exemplifica por exemplo no ámbito educativo, co protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero

Os dereitos das persoas LGTBI+ non poden depender de boas vontades, senón de feitos. Nos últimos anos, lonxe de respectar e mellorar a lexislación existente, nalgúns ámbitos incluso se deu un retroceso. Así, por exemplo, a Xunta foi desmantelando os Centros Quérote + e pasou a incorporar coa modificación a través dun Real Decreto a atención ás persoas LGTBI nos Centros de Información ás Mulleres, algo que, debido as limitacións de persoal e a falta de aposta por un programa de formación específico non está permitindo que esta atención se estea levando adiante con garantías.

As taxas de exclusión do colectivo deben coñecerse en profundidade para poder tomar medidas que as solucionen, polo que urxe levar adiante estudos específicos como reconece a lexislación actual. A finais do ano 2018 aprobouse a creación do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, para que neste se denunciase casos de discriminación e servira como órgano consultivo para propoer políticas públicas. Este é un espazo que é necesario e que puidera ser útil para avanzar no grao de coñecemento das problemáticas e das solucións a tomar, pero tal e como está concibido ten defectos importantes.





O papel dos colectivos debería ser máis central neste e a transparencia sobre o funcionamento tamén debería ser maior, pero, a pesar de recibir numerosas alegacións neste sentido ao Decreto que o regula, a Xunta ignorou gran parte destas propostas de mellora.

Por todo o exposto, preséntase a seguinte Interpelación:

- 1.) Que avaliación fai do grao de cumprimento da Lei 2/2014, pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais? Que prazos contemplan para desenvolver a lei?
- 2.) Que medidas levaron adiante para rematar coa patoloxización das persoas transexuais? Considera que o marco lexislativo actual é suficiente para conseguilo?
- 3.) De que maneira difundiron o protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e la liberdade de identidade de xénero? Que seguimento está facendo da aplicación deste?
- 4.) Realizou algún estudo para coñecer e facer visible a situación das persoas LGTBI no relativo a súa situación laboral, tal e como recolle a lexislación actual?
- 5.) Que programas de loita contra a discriminación, particularmente no ámbito laboral, levou adiante a Xunta de Galicia dende a aprobación da Lei no ano 2014?

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2019





Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 06/06/2019 12:27:49

Marcos Cal Ogando na data 06/06/2019 12:28:02



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Marcos Cal Ogando, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **INTERPELACIÓN**.

As violencias machistas atravesan a vida das mulleres en todos os ámbitos da súa vida, e son necesarias medidas máis ambiciosas e contundentes para combatelas. Segundo os últimos datos do Instituto Nacional de Estatística as vítimas de violencia de xénero aumentaron un 4,1% no ano 2018 en Galicia, até as 1.306.

Xa pasaron máis de dez anos dende a aprobación da Lei 11/2007 do 27 de xullo, galega, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, e é necesario facer unha avaliación pormenorizada desta, xa que, a pesar de que esta é unha lexislación avanzada, detectamos que moitos aspectos aínda hoxe están sen desenvolver, e moitos artigos non se están cumprindo.

Son moitos os aspectos a ter en conta á hora de abordar o tratamento das violencias. O primeiro é o de coñecer polo miúdo cal é a realidade. Por iso mesmo, neste Parlamento, en varias ocasións, aprobáronse por unanimidade iniciativas parlamentarias para realizar unha macroenquisa sobre a incidencia das violencias machistas ao longo do ciclo de vida das mulleres, e é importante coñecer os avances dados por parte da Xunta de Galicia para dar cumprimento a estes acordos.

Outro dos aspectos centrais para as mulleres que saen dunha relación de violencia e para as súas crianzas son os recursos habitacionais. En novembro de 2018 xa se anunciaba a intención da Xunta de Galicia para mellorar a Rede Galega de Acollemento e o centro de emerxencias de Vigo, así como a posta en





marcha dun plan de acceso a vivenda para vítimas, polo que é preciso coñecer como vai a concretarse esta medida.

Por todo o exposto, preséntase a seguinte Interpelación:

1. Teñen pensado realizar unha avaliación pormenorizada do cumprimento da Lei 11/2007 do 27 de xullo, galega, de prevención e tratamento integral da violencia de xénero?
2. Van tomar medidas para evitar que se continúe incumprindo a lexislación en materia de igualdade?
3. Cando van dar cumprimento ao acordo parlamentario para a realización dunha macroenquisa galega sobre a incidencia das violencias machistas ao longo do ciclo de vida das mulleres?
4. Teñen previsto aumentar a Rede Galega de Acollemento? De ser así, en que medida e con que recursos?
5. Que medidas están pondo en marcha para evitar o incumprimento das ordes de afastamento?

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:





Paula Quinteiro Araújo na data 06/06/2019 12:44:18

Marcos Cal Ogando na data 06/06/2019 12:44:41





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á venda de Ferroatlántica ao fondo estadounidense TPG Sixth Street Partners e ás actuacións que debe impulsar a Xunta de Galiza para o mantemento do emprego, da actividade produtiva e do respecto ás concesións de explotación hidráulica.

O pasado martes 4 de xuño de 2019 facíase pública a venda de Ferroatlántica ao fondo estadounidense TPG Sixth Street Partners e xurdían as alertas do Comité de Empresa e da sociedade en xeral sobre o mantemento do emprego, da actividade produtiva e do respecto ás concesións de explotación hidráulica.

Cómpre recordar que durante os últimos anos a empresa Ferroatlántica ten protagonizado no noso país importantes crises e conflitos, como o intento de segregación e venda das centrais do Xallas no ano 2017. Sorprendentemente, aínda que xa ten decidida a venda, a empresa liderada por Villar Mir ten confirmado que non vai renunciar aos recursos legais que presentou contra a resolución de Augas de Galiza. Cómpre recordar que Ferroatlántica explota as centrais hidroeléctricas do río Xallas a cambio do mantemento da produción industrial e dos postos de traballo na Costa da Morte. Esta empresa ten recibido grandes beneficios por esta condición. Porén, ten aplicado un modelo de explotación colonial no que esquilma os nosos recursos ao tempo que non desenvolve investimentos na modernización da empresa e incumpre sistematicamente os compromisos de mantemento e aumento do emprego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Máis recentemente, o pasado 4 de febreiro de 2019 a empresa de Villar Mir comunicou un ERE temporal do 1 de marzo de 2019 ata o 28 de febreiro de 2021 (dos centros de traballo de Ce-Dumbria-Centraís Hidroeléctricas, Boo de Guarnizo, Sabón e a Unidade de Servicios Centrais de Madrid) que afectaría a máis de 400 persoas en Galiza, para alén do impacto no tecido industrial auxiliar. Unha decisión inxustificada que agocha o intento de desviar a produción a outras empresas do grupo para así poder xustificar con base á redución da produción calquera expediente de regulación de emprego, posto que cos beneficios que xera a produción enerxética do Xallas é imposíbel xustificar tal decisión e ao tempo puxo a producir ao 100% outras fábricas da marca.

Anteriormente, en data 8 de novembro de 2018, Ferroatlántica comunicaba á representación legal dos traballadores a escisión dos centros de traballo de Boo de Guarnizo, Sabón e Servicios Centrais de Madrid en tres sociedades de responsabilidade limitada (FERROATLÁNTICA DE BOO S.L.U., FERROATLÁNTICA DE SABÓN S.L.U. e GRUPO FERROATLÁNTICA DE SERVICIOS S.L.U.). Esta modificación estrutural das novas sociedades publicouse no Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME) en data 23 de novembro de 2018. Para a negociación do ERTE, a empresa Ferroatlántica anulaba esta operación de escisión de ditos centros de traballo. Unha vez firmado e presentado o ERTE a empresa Ferroatlántica rexistra no Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME) o día 9 de abril de 2019 unha nova escisión dos centros de traballo de Boo, Sabón e Servicios Centrais de Madrid en tres novas sociedades (FERROATLÁNTICA DE BOO S.L.U., FERROATLÁNTICA DE SABÓN S.L.U. e GRUPO FERROATLÁNTICA DE SERVICIOS S.L.U.). Esta operación fixo saltar as alertas no Comité de Empresa.

O ERTE debería ter comezado a executarse o día 1 de marzo de 2019 e no momento de asinar esta iniciativa aínda non foi executado e ficaría en suspenso pola





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

operación de venda. Con todo, cómpre recordar que xa houbo un impacto económico e de emprego no cadro de persoal temporal e en industria auxiliar como é a do transporte. Así mesmo, a comezos de xaneiro as e os traballadores denunciaban o desprazamento polo Porto de Brens de materia prima a outras fábricas ao tempo que se demostraba que o verdadeiro Plan Industrial de Ferroatlántica eran os peches de unidades produtivas como son os fornos 13 e 14 dende finais do ano pasado ao tempo que outros centros elevaban a súa produción, evidenciando un castigo intencionado ás fábricas galegas.

Segundo denuncia o Comité de Empresa, esta situación vese agravada polas sospeitas dunha operación fraudulenta na venda. As sospeitas indican que Ferroatlántica pretende desenvolver con esta operación unha estratexia de maquiá coa axenda oculta de segregas as ferroaleacións das centrais hidroeléctricas. A manobra de enxeñería financeira claramente especulativa consistiría en que a empresa compradora adquiriría o centro de traballo de Cee-Dumbría e Centrais Hidroeléctricas para despois formalizar un contrato con Ferroatlántica co obxectivo de utilizar as instalación das fábricas para producir ferroaleacións e que a outra parte quede unicamente coa actividade hidroeléctrica producíndose unha segregación de facto, contraria ás condicións de cesión.

A esta difícil situación engádesa a incerteza xerada polo goberno central coa orde da poxa de interompibilidade prevista para xuño. As mudanzas introducidas na concreción desta nova poxa botan de novo inquedanza e inestabilidade sobre todo o sector, podendo traer consecuencias graves sobre a industria do noso país. Coa orde publicada no BOE, a Resolución de 24 de maio de 2019, da Secretaría de Estado de Enerxía, pola que se aproba o calendario e as características do procedemento competitivo de poxas para a asignación do servizo de xestión da demanda de interompibilidade regulado na Orde IET/2013/2013, de 31 de outubro para o período entre o 1 de xullo e o 31 de decembro de 2019, entre outras medidas confírmase un





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cambio relevante: os bloques de 40 MW subastados serán como moito 16 cando na anterior poxa foron adxudicados 21. Ademais, o prezo de saída será máis baixo.

Neste contexto, prevese que Ferroatlántica fiquese fóra da poxa, ao que se engade que se as fábricas de Cee e Dumbría tiñan ata 2019 uns ingresos anuais de aproximadamente 30 millóns de euros por interrompibilidade, estes ingresos van baixar considerablemente pola paralización dos fornos. Esta situación pon de relevo unha vez máis a urxencia de que o goberno español e a Xunta de Galiza se comprometan á creación dunha tarifa eléctrica industrial á que se poidan acoller as empresas electrointensivas, industrias grandes consumidoras de enerxía, liberando a estas industrias de pagar as peaxes, as primas ás renovábeis, os custes extrapeninsulares, os pagos por capacidade, a segunda parte do ciclo do combustíbel nuclear ou o déficit tarifario.

Conscientes de que a segregación das actividades de produción hidroeléctrica e de ferroaleacións é a ruína da única industria desta comarca, o Comité de Empresa vén de desenvolver contactos con todos os Grupos Parlamentares e de reiniciar unha axenda de mobilización. Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego compartimos as súas inquedanzas e entendemos que estamos diante dun intento de esquivar as cláusulas de concesión que vinculan a actividade enerxética coa de ferroalixes. Agora que o Grupo Villar Mir anuncia que chegou a acordo cun fondo voitre norteamericano (con intereses centrados no negocio da enerxía mais sen relación co sector das ferroalixes), actuación que require da autorización da Xunta, cómpre que esta se posicione canto antes nunha operación que as e os traballadores sospeitan que é fraudulenta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

1. Como avalía a Xunta de Galiza a situación de Ferroatlántica?
2. Como valora a Xunta de Galiza que Villar Mir non renuncie a recorrer a decisión de Augas de Galiza contraria á segregación das centrais?
3. Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para defender os intereses da Costa da Morte diante das operacións especulativas de Villar Mir?
4. Tivo coñecemento a Xunta de Galiza da posibilidade de venda con anterioridade ao anuncio público do 4 de xuño? En que data? Por que vía?
5. É coñecedora a Xunta de Galiza da posibilidade dunha operación de maquía da produción hidroeléctrica e ferroaleacións no centro de Cee-Dumbría e Centrais Hidroeléctricas de Ferroatlántica? Que valoración lle merece?
6. É coñecedora a Xunta de Galiza das graves consecuencias que esta operación de enxeñaría financeira podería supor para o futuro da Costa da Morte?
7. Vai autorizar esta operación de venda ao fondo voitre americano? Por que razóns?
8. Como valora o impacto da poxa de interrompibilidade de xuño de 2019?
9. Está a Xunta de Galiza esquecendo as sentenzas perfectamente razoadas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e do Tribunal Supremo sobre as condicións das concesións destes bens públicos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

10. Vai facer valer a Xunta de Galiza as condicións de non segregación para preservar o interese público dos aproveitamentos hidroeléctricos dos ríos Xallas e Grande do Porto?

11. Ten valorado a Xunta de Galiza o impacto da situación de Ferroatlántica no porto de Brens?

12. Como valora a situación na que queda a planta de Sabón?

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 06/06/2019 12:48:35

Xosé Luis Bará Torres na data 06/06/2019 12:48:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 06/06/2019 12:48:52

María Montserrat Prado Cores na data 06/06/2019 12:49:01

Ana Pontón Mondelo na data 06/06/2019 12:49:11

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/06/2019 12:49:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ao posíbel peche da planta de Poligal en Narón e ás actuacións que debe impulsar o goberno galego.

Poligal é unha empresa situada en Narón que desenvolve fabricación de polipropileno biorientado (BOPP) e polipropileno cast (CPP). É polo tanto unha empresa estratéxica do punto de vista da fabricación de envases e unha ampla variedade de aplicacións industriais que pode desenvolver un papel estratéxico e de valor engadido.

O pasado 22 de febreiro de 2019 o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento do anuncio da presentación de concurso de acredores e posíbel peche da planta ferrolá. Esta foi e é unha moi mala nova para unha comarca castigada polo impacto continuos peches e ERES e pola perda de músculo industrial que ten impulsado o modelo económico do Partido Popular conducindo Ferrolterra e o país enteiro a un deserto industrial.

Trátase dunha empresa rendíbel, como demostra que até o último momento tivera previsión de carga de traballo a longo prazo. Así mesmo, esta empresa ten unha fábrica en Narón ademais de en Arcos (Portugal) e Skarbimierz (Polonia). Esta última posta en funcionamento aínda no ano 2018. Sorprende polo tanto que esta situación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sexa exclusiva para Narón e desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego compartimos coas forzas sindicais a lectura de que se trata dunha deslocalización encuberta.

No mes de marzo impulsáronse no Parlamento Galego diversos acordos para sumar a prol dunha solución e desde entón tamén as e os traballadores téñense mobilizado demandando unha saída e poñendo todo o esforzo da súa parte. No momento de asinar a iniciativa as organizacións sindicais están a demandar do administrador concursal que non limite o período de consultas aos 30 días establecidos na lexislación porque necesitan tempo para buscar unha alternativa de continuidade para a fábrica de Narón. Así mesmo, denuncian a pasividade da Xunta de Galiza e demandan que se dea un novo impulso ao traballo da mesa técnica para que os proxectos formulados se convirtan en alternativas viábeis.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Que valoración fai o goberno galego das actuacións postas en marcha para favorecer o mantemento da actividade produtiva da empresa Poligal en Narón?

Como valora o funcionamento e traballo da Mesa constituída?

Cal é a opinión que lle merecen os informes encargados?

Coñece a Xunta de Galiza se hai posibilidades dun comprador neste momento?
Que vai facer para favorecer unha saída?

Tense reunido no mes de xuño ou vaise reunir a Xunta de Galiza co comité de empresa para ter unha folla de ruta común e coordinada?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións vai impulsar o goberno galego para impedir esta deslocalización encuberta?

Como avalía o goberno galego a situación do sector industrial en Narón e na comarca da Ferrolterra?

Que actuacións ten levado a cabo para favorecer o seu fortalecemento? Con que resultados?

Considera a Xunta de Galiza positiva a terciarización da economía das comarcas de Ferrolterra da Coruña e a súa contorna? E do conxunto do país?

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 06/06/2019 13:30:39

Xosé Luis Bará Torres na data 06/06/2019 13:30:48

María Montserrat Prado Cores na data 06/06/2019 13:30:56

Olalla Rodil Fernández na data 06/06/2019 13:31:28

Xosé Luis Rivas Cruz na data 06/06/2019 13:32:20

Ana Pontón Mondelo na data 06/06/2019 13:32:29





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á situación da planta de Isowat na Coruña.

A continuidade da factoría Isowat. Cómpre recordar que a antiga Isolux Galicia, hoxe Isowat, situada no Polígono da Grela desde 1963, é un dos retos máis importantes que ten neste momento a industria galega.

Cómpre recordar que é unha planta altamente rendíbel, que recibiu diñeiro público en axudas, con carga de traballo para os vindeiros anos, pioneira tanto pola formación e experiencia do seu cadro de persoal como pola súas patentes grazas ás cales os seus produtos son solicitados internacionalmente.

Neste momento, as e os traballadores informan de que teñen un posíbel inversor que reúne as condicións necesarias para a viabilidade da fábrica e que neste momento a necesidade para unha saída positiva radica en que a entidade financeira Abanca sexa flexíbel nas súas condicións económicas respecto das naves.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego para interceder a favor dunha saída positiva para Isowat Coruña?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego para interceder con Abanca?

Como avalía o goberno galego a situación do sector industrial na cidade e na comarca da Coruña? Que actuacións ten levado a cabo para favorecer o seu fortalecemento? Con que resultados?

Como valora o papel do Igape?

Cales son as perspectivas de futuro?

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 06/06/2019 14:01:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 06/06/2019 14:01:16

Olalla Rodil Fernández na data 06/06/2019 14:01:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/06/2019 14:01:32

María Montserrat Prado Cores na data 06/06/2019 14:02:07

Ana Pontón Mondelo na data 06/06/2019 14:02:20



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **INTERPELACIÓN**.

A grave situación da Atención Primaria en Galicia como consecuencia de todos os recortes levados a cabo polo Goberno do Partido Popular, está a provocar una situación de colapso que obriga á Xunta de Galicia a escoitar as demandas das e dos profesionais.

O 14 de maio, levouse a cabo a constitución do Consello Técnico de Atención Primaria no que Consellería e profesionais están a debater sobre as necesidades máis inmediatas que precisa a Atención Primaria e que tal e como xa se ten manifestado en reiteradas ocasións, pasa por reverter os recortes da última década.

Nesa reunión, María José Montero Furelos, subdirectora xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico do Servizo Galego de Saúde, comunicou as accións inmediatas que en teoría se pensan levar a cabo en cumprimento dos acordos das mesas sectoriais de abril e maio.

Entre esas accións, figura a curto prazo a necesidade de incrementar no propio 2019, ata 45 as prazas de medicina, enfermería e fisioterapia na Atención Primaria, mediante un suplemento orzamentario nos Centros de Saúde onde máis se requiran esas accións inmediatas.

Con todo, en nada se concreta o importe do suplemento, cales son eses centros de saúde ou con que prazos se contan para facer efectivas esas accións, sobre todo





tendo en conta que datas como as estivais, agravan a situación dos Centros de Saúde que xa de por si son delicadas.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

- 1.) As 45 prazas anunciadas para o 2019 van a crearse mediante a convocatoria dunha Oferta Pública de Emprego?
- 2.) Cal é o reparto de prazas segundo as diferentes categorías nas que se incrementan?
- 3.) Cales considera o Goberno que son os Centros de Saúde que precisan de acción inmediata?
- 4.) Que criterios emprega o Goberno para facer esa preferencia entre centros?
- 5.) A partir de cando se vai a iniciar esta medida?

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 06/06/2019 17:23:35



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2022 esixe que a acumulación e almacenamento de restos industriais, de construción e de demolición se faga co debido tratamento previo para evitar danos ao medio ambiente. O obxectivo non é outro que evitar que se realicen vertidos aforrando os custos dunha correcta xestión, que pasaría polo seu traslado a empresas de tratamento.

Ocorre que, no concello coruñés da Laracha, a “Asociación Profesional de Recicladores de Residuos de Construción e Demolición de Galicia” vén de denunciar un acopio de varios anos, depósito ilegal e xestión irregular de residuos de construción e demolición, potencialmente contaminantes, en fincas privadas sitas preto do campo de fútbol municipal. O Concello da Laracha notificou nestes días que, segundo o PXOM, son fincas rústicas, polo que as competencias recaerían na Xunta de Galicia.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Ten coñecemento o Goberno da Xunta de Galicia de que varias compañías levan anos facendo acopio, depósito ilegal e xestión irregular de residuos de construción e demolición, potencialmente contaminantes, en fincas de solo rústico sitas no concello da Laracha?

Pazo do Parlamento, 31 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 31/05/2019 13:23:30

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 31/05/2019 13:23:37





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/05/2019 13:27:00
Nº Registro: 50383
Data envío: 31/05/2019 13:27:00.472

María Luisa Pierres López na data 31/05/2019 13:23:43

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGal41mxv16
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Nestes días temos coñecido a Memoria consolidada de ENCE para o exercicio 2018. Mais en concreto, no Informe financeiro que forma parte da dita Memoria, recóllese a figura xurídica do “Pacto Ambiental entre ENCE e a Consellería de Medio Ambiente” polo que a empresa se compromete a levar a súa xestión ambiental máis alá do estritamente estipulado pola lexislación ambiental.

Así, ese “Pacto Ambiental” firmouse en xuño de 2016, recollendo a posta en marcha nos vindeiros 5 anos dunha serie de investimentos e proxectos asociados a melloras medioambientais. No pacto, a empresa comprométese ao seguinte:

1º A realizar melloras no complexo industrial de Pontevedra destinadas a aumentar o aforro de auga e a eficiencia enerxética, a integración paisaxística da fábrica, a redución de emisións e a mellora na calidade do vertido (coa contribución de ata 15 millóns de euros na ampliación e modernización da EDAR de Pontevedra).

2º Ao fomento da creación de emprego baseado no aproveitamento dos recursos forestais.

3º Á creación dun centro de investigación e desenvolvemento enfocado á dinamización do emprego especializado (co compromiso de contribuír con ata 5 millóns de euros).

4º Á instalación dun centro de coxeneración de enerxía con biomasa, así como de tres centros de bioenerxía.

Neste senso, en 2017 e en 2018 subscribíronse addendas ao “Pacto Ambiental”, asumindo ENCE determinadas cantidades económicas, addenda que se repetiría para o ano 2019, trasladando a este ano os compromisos asumidos con anterioridade mais non executados. O curioso é que a entrada en vigor de todos estes compromisos e proxectos está condicionada á vixencia e subsistencia do título concesionario de ENCE en Pontevedra e da concesión de licenzas e autorizacións pola Xunta de Galicia.



Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

En que situación se atopa o “Pacto Ambiental entre ENCE e a Consellería de Medio Ambiente”, asinado en xuño de 2016?

Pazo do Parlamento, 31 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 31/05/2019 16:27:41

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 31/05/2019 16:27:48

María Luisa Pierres López na data 31/05/2019 16:28:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta en Pleno**.

Á marxe do posicionamento crítico que como grupo parlamentar vimos mantendo a respecto da existencia e funcións das brigadas municipais de incendios, o que é unha realidade son as pésimas condicións en que estas desenvolven as súas funcións e traballo.

As citadas cuadrillas municipais non teñen un traxe persoal adecuado para faceren os desbroces e teñen que usaren os EPI que son específicos para o lume resultando moi pesados e con problemas de ventilación reducindo segundo o estudo Influencia del EPI en el esfuerzo (Tragsa, Fraternidad Muprespa, Universidad de León):

- Nun 36% o tempo máximo de esforzo.
- Nun 21% o tempo de tolerancia ó mesmo.
- Nun 22% a velocidade de desprazamento.
- Nun 16% a resistencia aeróbica.

Son oito horas de desbroce as que teñen que facer en época de alto risco a temperaturas nada agradables e que danan ademais dos corpos tamén os Epis que





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

acaban con restos do desbroce incrustados, zumes das herbas, e restos tamén de graxas e combustibles, roturas das cadeas das motoserras... Cando debera ser un equipo específico para o lume sempre en perfectas condicións que faciliten o traballo e que defendan ós bombeiros que os usan.

Outro tanto acontece coas botas, luvas e demais material específico para incendios pero non así para os desbroces.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Hai algunha razón que xustifique a tortura a que se somete ós integrantes das Brigadas Municipais de Incendios ó non dispensarlles un equipamento persoal adaptado ós desbroces preservando os EPI para uso exclusivo nos lumes?

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/06/2019 11:21:22

María Montserrat Prado Cores na data 03/06/2019 11:21:28

Ana Pontón Mondelo na data 03/06/2019 11:21:29

Olalla Rodil Fernández na data 03/06/2019 11:21:31

Noa Presas Bergantiños na data 03/06/2019 11:21:32

Xosé Luis Bará Torres na data 03/06/2019 11:21:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

O Tribunal Administrativo de Contratación Pública decretou o pasado 26 de abril a suspensión cautelar do proceso de licitación dos contratos de transporte de viaxeiros/as por estrada. Esta medida foi acordada a petición das patronais do sector e do sindicato CIG, que consideraban que os pregos teñen unhas estimacións de custos económicos erróneas, o que tería consecuencias moi negativas para a viabilidade do servizo e para as condicións laborais e salariais do persoal.

Posteriormente, tanto as organizacións sindicais como patronais presentaron recursos contra os pregos dos novos contratos, nos que sinalan numerosas deficiencias en materia de custos económicos das concesións e de vulneración da legalidade.

Tanto a suspensión cautelar como os recursos presentados poñen en evidencia as présas, a falta de rigor e a falta de planificación con que a Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade está a levar a posta en marcha do chamado Plan de Transporte Público por estrada, no que prevalecen criterios de aforro económico sobre a mellora do servizo público.

Ademais dun discutíbel mapa de liñas, que pon de manifesto un defectuoso estudo de campo por parte das empresas consultoras, os pregos conteñen un deficiente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estudo dos custos económico-financeiros das concesións, que se sitúan moi por debaixo dos compromisos adquiridos polo propio goberno galego e que terían como consecuencia principal a perda de postos de traballo e o empeoramento das condicións laborais e salariais dos traballadores e traballadoras. O acontecido no pasado co concurso do transporte sanitario do SERGAS, que se licitou por debaixo do custo real, é un precedente negativo que hai que ter en conta para evitar que se repita.

Esta suspensión cautelar e a resolución dos recursos pode afectar ao calendario de licitacións e adxudicacións establecido pola Dirección Xeral de Mobilidade, que prevía que os 100 primeiros contratos estivesen operativos en agosto e que os 50 restantes se licitarían no mes de xuño para entrar en funcionamento a finais de 2019.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera necesario o goberno galego elaborar e acordar un novo Plan de Transporte Público por estrada encadrado nun Plan Director de Mobilidade Sostíbel, que sexa resultado do diálogo e da negociación con todos os axentes sociais e institucionais, e que responda as necesidades do territorio e da sociedade galega do século XXI?

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Noa Presas Bergantiños





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 03/06/2019 12:16:26

María Montserrat Prado Cores na data 03/06/2019 12:16:31

Ana Pontón Mondelo na data 03/06/2019 12:16:33

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/06/2019 12:16:34

Olalla Rodil Fernández na data 03/06/2019 12:16:35

Noa Presas Bergantiños na data 03/06/2019 12:16:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

1. A Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia, iniciou en 2011 a tramitación dun proxecto para a dragaxe e rexeneración da bancos marisqueiros no río Lérez e no fondo da ría de Pontevedra, nun treito de aproximadamente 4,3 km entre o Clube Naval e Os Praceres, no que está previsto retirar aproximadamente 330.000 toneladas de lamas e outros sedimentos. O custo estimado do proxecto é de 3 millóns de euros.

2. Despois de case 9 anos de tramitación, o proxecto aínda non se fixo realidade. A finais do ano 2016, o Presidente de Portos de Galicia reuniuse co alcalde de Pontevedra e cos portavoces dos grupos municipais para informalos das características do proxecto e dos prazos estimados para a súa realización. Naquela xuntanza, o responsábel de Portos informou da previsión de licitación do proxecto a comezos de 2018. En xaneiro de 2017, o DOG publicou o anteproxecto da dragaxe e a o estudo de impacto ambiental e abriuse o período de exposición pública para a presentación de alegacións.

3. En relación co impacto ambiental das obras, as confrarías manifestaron a súa discrepancia coa previsión de depositar máis de 221.000 toneladas de sedimentos ao oeste da illa de Tambo e nos bancos marisqueiros ente Campelo e Combarro.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Demandan a modificación desta parte do proxecto, de maneira que os sedimentos se depositen en mar aberto, fóra das augas da ría de Pontevedra.

O pasado mes de abril, Portos de Galiza anunciou a intención de cambiar a zona de vertido dos depósitos, trasladándoa ao exterior da ría. Mais non houbo noticias sobre a modificación do proxecto, sobre o orzamento e sobre o prazo para levalo a cabo.

4. A paralización do proxecto está a provocar un novo retraso nunha obra repetidamente adiada. Esta situación está a provocar graves consecuencias para ao sector do mar, xa que impide a rexeneración e recuperación de bancos marisqueiros do fondo da ría, prexudicando especialmente o sector do marisqueo a flote que viu moi mermada nos últimos anos a súa actividade e ingresos.

A colmatación da desembocadura e a canle do río Lérez tamén prexudica a navegación deportiva e a actividade do Náutico, debido ao escaso calado da canle de navegación do río e do porto deportivo.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

En que prazo prevé a Xunta de Galiza licitar o proxecto da dragaxe da canle de acceso ao porto de Pontevedra no río Lérez?

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Noa Presas Bergantiños





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 03/06/2019 12:29:58

María Montserrat Prado Cores na data 03/06/2019 12:30:02

Ana Pontón Mondelo na data 03/06/2019 12:30:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/06/2019 12:30:05

Olalla Rodil Fernández na data 03/06/2019 12:30:07

Noa Presas Bergantiños na data 03/06/2019 12:30:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

Durante os últimos anos a empresa Ferroatlántica ten protagonizado no noso país importantes crises e conflitos, como o intento de segregación e venda das centrais do Xallas no ano 2017. Cómpre recordar que Ferroatlántica explota as centrais hidroeléctricas do río Xallas a cambio do mantemento da produción industrial e dos postos de traballo na Costa da Morte. Esta empresa ten recibido grandes beneficios por esta condición. Porén, ten aplicado un modelo de explotación colonial no que esquilma os nosos recursos ao tempo que non desenvolve investimentos na modernización da empresa e incumpre sistematicamente os compromisos de mantemento e aumento do emprego.

Máis recentemente, o pasado 4 de febreiro de 2019 a empresa de Villar Mir comunicou un ERE temporal do 1 de marzo de 2019 ata o 28 de febreiro de 2021 (dos centros de traballo de Ce-Dumbria-Centrales Hidroeléctricas, Boo de Guarnizo, Sabón e a Unidade de Servicios Centrales de Madrid) que afectaría a máis de 400 persoas en Galiza, para alén do impacto no tecido industrial auxiliar. Unha decisión inxustificada que agocha o intento de desviar a produción a outras



empresas do grupo para así poder xustificar con base á redución da produción calquera expediente de regulación de emprego, posto que cos beneficios que xera a produción enerxética do Xallas é imposible xustificar tal decisión e ao tempo puxo a producir ao 100% outras fábricas da marca.

Anterior a esa comunicación, en data 8 de novembro de 2018, Ferroatlántica comunica á representación legal dos traballadores a escisión dos centros de traballo de Boo de Guarnizo, Sabón e Servicios Centrales de Madrid en tres sociedades de responsabilidade limitada (FERROATLÁNTICA DE BOO S.L.U., FERROATLÁNTICA DE SABÓN S.L.U. e GRUPO FERROATLÁNTICA DE SERVICIOS S.L.U.). Esta modificación estrutural das novas sociedades publícase no Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME) en data 23 de novembro de 2018. Para a negociación do ERTE, a empresa Ferroatlántica anula esta operación de escisión de ditos centros de traballo. Unha vez firmado e presentado o ERTE a empresa Ferroatlántica rexistra no Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME) o día 9 de abril de 2019 unha nova escisión dos centros de traballo de Boo, Sabón e Servicios Centrais de Madrid en tres novas sociedades (FERROATLÁNTICA DE BOO S.L.U., FERROATLÁNTICA DE SABÓN S.L.U. e GRUPO FERROATLÁNTICA DE SERVICIOS S.L.U.)

O ERTE debería ter comezado a executarse o día 1 de marzo de 2019 e no momento de asinar esta iniciativa aínda non foi executado e as e os traballadores están a cumprir a súa xornada normal de traballo. Con todo, cómpre recordar que xa houbo un impacto económico e de emprego no cadro de persoal temporal e en industria auxiliar como é a do transporte. Así mesmo, a comezos de xaneiro as e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

os traballadores denunciaban o desprazamento polo Porto de Brens de materia prima a outras fábricas ao tempo que se demostraba que o verdadeiro Plan Industrial de Ferroatlántica eran os peches de unidades produtivas como son os fornos 13 e 14 dende finais do ano pasado ao tempo que outros centros elevaban a súa produción, evidenciando un castigo intencionado ás fábricas galegas.

Segundo denuncia o Comité de Empresa, esta situación vese agravada polas sospeitas dunha operación de venda. As sospeitas indican que Ferroatlántica traballa na actualidade nunha operación coa empresa Ferrovial mediante o sistema de maquiá coa axenda oculta de segregar as ferroaleacións das centrais hidroeléctricas. A manobra de enxeñería financeira claramente especulativa consistiría en que a empresa compradora adquiriría o centro de traballo de Cee-Dumbría e Centrais Hidroeléctricas para despois formalizar un contrato con Ferroatlántica co obxectivo de utilizar as instalación das fábricas para producir ferroaleacións e que a outra parte quede unicamente coa actividade hidroeléctrica producíndose unha segregación de facto, contraria ás condicións de cesión.

A esta difícil situación engádesse a incerteza xerada polo goberno central coa orde da poxa de interrompibilidade prevista para xuño. As mudanzas introducidas na concreción desta nova poxa botan de novo inquedanza e inestabilidade sobre todo o sector, podendo traer consecuencias graves sobre a industria do noso país. Coa orde publicada no BOE, a Resolución de 24 de maio de 2019, da Secretaría de Estado de Enerxía, pola que se aproba o calendario e as características do procedemento competitivo de poxas para a asignación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade regulado na Orde





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

IET/2013/2013, de 31 de outubro para o período entre o 1 de xullo e o 31 de decembro de 2019, entre outras medidas confírmase un cambio relevante: os bloques de 40 MW subastados serán como moito 16 cando na anterior poxa foron adxudicados 21. Ademais, o prezo de saída será máis baixo.

Neste contexto, prevese que Ferroatlántica fiquen fóra da poxa, ao que se engade que se as fábricas de Cee e Dumbría tiñan ata 2019 uns ingresos anuais de aproximadamente 30 millóns de euros por interrompibilidade, estes ingresos van baixar considerablemente pola paralización dos fornos. Esta situación pon de relevo unha vez máis a urxencia de que o goberno español e a Xunta de Galiza se comprometan á creación dunha tarifa eléctrica industrial á que se poidan acoller as empresas electrointensivas, industrias grandes consumidoras de enerxía, liberando a estas industrias de pagar as peaxes, as primas ás renovábeis, os custes extrapeninsulares, os pagos por capacidade, a segunda parte do ciclo do combustíbel nuclear ou o déficit tarifario.

Conscientes de que a segregación das actividades de produción hidroeléctrica e de ferroaleacións é a ruína da única industria desta comarca, o Comité de Empresa vén de desenvolver contactos con todos os Grupos Parlamentares e de reiniciar unha axenda de mobilización. Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego compartimos as súas inquedañas e entendemos que é necesaria a intervención inmediata do Goberno da Xunta de Galiza neste problema de vital importancia na Costa da Morte para vetar esta operación especulativa advertindo das consecuencias que sobre as concesións administrativas hidroeléctricas poderían derivarse de levarse a cabo esa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

operación e comprometerse na defensa dos postos de traballo, da renovación industrial e da estabilización do sector electrointensivo e industrial en xeral.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para defender os intereses da Costa da Morte diante das operacións especulativas de Villar Mir?

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 03/06/2019 13:38:53

María Montserrat Prado Cores na data 03/06/2019 13:38:58

Ana Pontón Mondelo na data 03/06/2019 13:38:59

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/06/2019 13:39:01

Olalla Rodil Fernández na data 03/06/2019 13:39:03

Xosé Luis Bará Torres na data 03/06/2019 13:39:04



A Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

No 2017 a Consellería de Sanidade elaborou o Plan de Prevención do Suicidio, dando así cumprimento a unha necesidade manifestada na Revisión do Plan de Prioridades Sanitarias 2014 e na estratexia SERGAS 2020, e tamén ao compromiso adquirido en sede Parlamentaria o 21 de marzo d ese mesmo ano de ter elaborado o Plan de Prevención do Suicidio en Galicia.

O Plan de prevención do suicidio de Galicia nace cun dobre obxectivo, o de reducir a taxa de suicidio e o de establecer mecanismos de coordinación para posibilitar que diferentes organismos poidan sumar esforzos para traballar conxuntamente na prevención, manexo, intervención e acompañamento das persoas que levan a cabo un intento de suicidio, así como dos seus familiares.

Con este documento quérese priorizar a prevención do suicidio na axenda da atención á saúde mental, e tamén concienciar que o suicidio é un problema global que vai mais ala da atención no ámbito sanitario, sendo necesario implementar outras medidas en ámbitos tan importantes como o educativo e o social.

Por todo elo, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é o seguimento e resultados desde a posta en marcha do Plan de Prevención do Suicidio en Galicia?

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2019

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 03/06/2019 13:36:58

María Encarnación Amigo Díaz na data 03/06/2019 13:37:56

María Ángeles Garcia Míguez na data 03/06/2019 13:38:31

Marta Rodriguez Arias na data 03/06/2019 13:38:53

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 03/06/2019 13:39:27

María Soraya Salorio Porral na data 03/06/2019 13:39:55

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 03/06/2019 13:40:11

Raquel Arias Rodríguez na data 03/06/2019 13:40:46

Sandra Vázquez Dominguez na data 03/06/2019 13:41:26



Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Patricia Otero Rodríguez e Luis Manuel Alvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O complexo industrial de Sargadelos no concello de Cervo, ten a declaración de BIC dende 2014 e como tal goza de todas as proteccións reflectidas na Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, pero o colectivo Mariña Patrimonio vén de denunciar unha intervención na fachada do edificio circular, asegurando que os traballos non contan ca autorización da Consellería de Cultura nin con licencia municipal e afirma que os traballos feitos desvirtúan o emblemático edificio

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan a seguintes pregunta:

Autorizou a Consellería de Cultura a intervención realizada na fachada do edificio circular do complexo industrial de Sargadelos no concello de Cervo?

Pazo do Parlamento, 4 de xuño de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Patricia Otero Rodríguez
Luis Manuel Alvarez Martínez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 04/06/2019 11:44:04

Patricia Otero Rodríguez na data 04/06/2019 11:44:13





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2019 11:45:29
Nº Rexistro: 50524
Data envío: 04/06/2019 11:45:29.383

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/06/2019 11:44:23

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGal41mxv16
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, Francisco Casal Vidal e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

O Defensor do Pobo defendeu nun informe recente o seu rexeitamento ao actual proxecto da mina de Touro. No documento alerta dunha cuestión que vimos denunciando dende hai anos, da “omisión inxustificada” do *Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia*, que considera “o instrumento a través do cal debe ordenarse o sector mineiro na comunidade autónoma garantindo a sostibilidade do aproveitamento, é dicir, a súa compatibilidade coa protección do medio ambiente, a súa conformidade coa ordenación territorial e os usos do chan e coa ponderación dos distintos intereses que concorren no desenvolvemento económico e social do territorio”.

O devandito Plan sectorial vén esixido pola Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia, na que se subliña a incidencia tremenda que a actividade mineira ten sobre o medio ambiente e a ordenación do territorio; incidencia que obriga a conciliar o desenvolvemento do sector mineiro cos bens xurídicos que se podería ver afectados por el.

Segundo o artigo 13 da Lei 3/2008, o Plan sectorial debe conter:

- a) Un diagnóstico da minaría en Galicia que inclúa referencias aos recursos existentes e en investigación, aos dereitos mineiros, aos efectos da minaría sobre o contorno económico, social e ambiental, á localización das explotacións, ao emprego no sector con indicación das





condicións laborais existentes e ás repercusións ambientais máis relevantes das explotacións existentes.

- b) A coordinación cos instrumentos de protección ambiental e patrimonio cultural coa determinación dos ámbitos incompatibles con actividades extractivas polas necesidades de preservación dos ditos bens sociais.
- c) A fixación de obxectivos de desenvolvemento do sector tendo en conta os condicionamentos territoriais, agrarios e ambientais e o obxectivo de diversificación e pechamento do ciclo produtivo.
- d) As liñas de actuación e os programas específicos, nomeadamente os destinados a concellos mineiros, de acordo cos principios de actuación desta lei.
- e) Os instrumentos financeiros e de xestión para a execución do plan e as liñas directrices das medidas de fomento da minaría que deberán estar presididas polos obxectivos que fixa esta lei.
- f) As bases da investigación mineira para acadar unha extracción, preparación e posta en mercado eficientes e sustentables dos recursos minerais.
- g) As accións encamiñadas a mellorar a calidade do emprego no sector, incrementará a seguridade e potenciará a formación dos traballadores e das traballadoras, así como a incorporación de mulleres a un sector onde están infrarrepresentadas a través de políticas de acción positivas.
- h) A valoración económica das actuacións previstas.





O informe do Defensor do Pobo reivindica, así mesmo, que o Plan sectorial “debe someterse a avaliación ambiental estratéxica, de acordo co artigo 6.1 a) da Lei 21/2013, cuxa finalidade é analizar os efectos significativos que teñen ou poden ter os plans antes da súa aprobación, sobre o medio ambiente, incluíndo en dito análise os efectos de aqueles sobre os seguintes factores: a poboación, a saúde humana, a biodiversidade, o solo, o subsolo, o aire, a auga, a paisaxe, o patrimonio cultural, entre outros”.

Así, o Defensor do Pobo recomenda:

“Impulsar a tramitación do plan de actividades extractivas e sometelo a avaliación ambiental estratéxica, con carácter previo á súa elevación ao Consello de Goberno para a súa aprobación”.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Pleno:

- A que se debe o feito que despois de 11 anos de entrada en vigor da Lei de Minaría non se teña aprobado o *Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia*?

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Francisco Casal Vidal

Marcos Cal Ogando





Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 04/06/2019 14:19:12

Francisco Casal Vidal na data 04/06/2019 14:19:27

Marcos Cal Ogando na data 04/06/2019 14:19:46



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Mediante Orde da Consellería de Facenda de 31 de marzo de 2017 (publicada no DOG do 7 de abril de 2017), convocábase o correspondente proceso selectivo ao Corpo de Inspectores Veterinarios da Xunta de Galicia. Este grupo parlamentario solicitara a copia completa do expediente do proceso de oposicións ao dito corpo, incluíndo as actas do Tribunal opositor dende o seu nomeamento orixinario, alegacións e recursos presentados contra o nomeamento do Tribunal, preguntas impugnadas e resultados das impugnacións e lista de opositores aprobados. En resposta de 26 de novembro do ano pasado, o Goberno respondía que o proceso de selección non estaba rematado, que aínda estaban pendentes de se resolver varios recursos administrativos referidos a anteriores acordos do Tribunal de selección e que non se podía aportar a documentación.

Teñen pasado xa 2 anos e 2 meses dende a publicación da convocatoria no DOG e aínda non está resolto o proceso selectivo para as persoas aprobadas, pois transcorreron case 3 meses desde a finalización do prazo para achegar méritos e 1 ano desde o comezo da primeira proba. Parece ser que está todo pendente dun informe que debe emitir a Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia e que, en tanto non se emita, non se poden publicar as puntuacións definitivas, mais todo é un supoñer...

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Sabe o Goberno da Xunta de Galicia se está xa rematado o proceso de selección ao Corpo de Inspectores Veterinarios da Xunta de Galicia, convocado mediante Orde da Consellería de Facenda de 31 de marzo de 2017 e publicado no DOG de 7 de abril de 2017?

Pazo do Parlamento, 04 de xuño de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2019 17:29:04
Nº Rexistro: 50594
Data envío: 04/06/2019 17:29:04.299

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/06/2019 17:06:58

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 04/06/2019 17:07:22

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/06/2019 17:07:42

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGal41mxv16
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno

Na páxina *web* da Xunta de Galicia, figura como o estudo publicado o 16/04/2018 denominado “A implantación da Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable na Xunta de Galicia”. Tal e como figura na información o “estudo trata de explorar o enfoque e os procedementos a través dos cales se pode adoptar e adaptar a Axenda dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) ao ámbito das competencias propias @de la Xunta de Galicia, así como identificar as implicacións que se derivarían dese proceso en termos de mecanismos institucionais para o seguimento desta axenda”.

Entre os distintos ODS, atópase o número 14: “Conservar e utilizar en forma sustentable os océanos, os mares e os recursos mariños para o desenvolvemento sustentable”. Para levar a cabo estes ODS, establécense e concrétanse distintas metas, entre as cales atopamos a seguinte:

“Meta 14.2 De aquí a 2020, xestionar e protexer sostiblemente os ecosistemas mariños e costeiros para evitar efectos adversos importantes, incluso fortalecendo o seu resiliencia, e adoptar medidas para restauralos a fin de restablecer a saúde e a produtividade dos océanos.”

Para coñecer o grao de execución das ditas metas, establécense Indicadores de Resultados (IR), que para o caso concreto da Meta 14.2, son os seguintes:

IR OE.3.1.01.a Mellora da eficiencia enerxética dos portos (% de consumo sobre base 2014)

IR OE.3.1.01.b Mellora dos equipamentos (% de portos con equipamentos sobre porto tipo)

IR OE.3.1.02.a % de cumprimento: % de controis efectuados (análises, inspeccións, intervencións por contaminación mariña), fronte ao número de controis programados ao comezo de cada ano (ou número de programa de control do ano)



Tendo en conta que, tal e como se indica na meta 14.2, son obxectivos que se deben cumprir de aquí a 2020, polo que sería conveniente coñecer o grao de consecución actual, de xeito que, de existiren desviacións respecto dos obxectivos, poderanse establecer as pertinentes accións correctoras.

Por todo iso, as deputadas que asinan preguntan:

Cal é o grao de cumprimento de mellora da eficiencia enerxética dos portos, tal e como establece o indicador de resultados, IR OE.31.0.1.a da Meta 14.2 do estudo publicado o 16/04/2018 denominado “A implantación da Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable na Xunta de Galicia?”

Pazo do Parlamento, 4 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 04/06/2019 10:35:38

Patricia Otero Rodríguez na data 04/06/2019 10:35:54



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A extrofia vesical (ou afectacións afíns) é unha patoloxía de prevalencia moi baixa, pero con enorme influencia sobre a calidade de vida das persoas que a padecen. Estímase que en España afecta a 1 de cada 500.000 nacementos, aínda que os datos varían segundo os estudos, o que a cualifica como enfermidade rara. En Galicia o número de persoas afectadas é pequeno.

A pesares dunha afectación pequena en número, a necesidade dunha atención moi próxima e continuada, xa dende o propio nacemento, supón unha preocupación natural de pais e nais de recentemente nados con esta patoloxía, ademais da importancia que ten toda mellora na atención para persoas que teñen esta problemática.

Actualmente, debido á especificidade, hai centros de referencia no sistema público nacional de saúde en Madrid e Barcelona, o que supón unha certa dificultade operativa tanto na continuidade asistencial para as persoas afectadas como no custe que supón a mobilidade.

Ademais do proceso asistencial para persoas afectadas, os colectivos de pacientes refiren a importancia que supón para pais e nais de recentemente nados con esta patoloxía unha atención próxima e específica ante unha situación de dificultade e de descoñecemento por parte dos proxenitores.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Valora a Xunta de Galicia a posibilidade de asumir os custes da asistencia sanitaria en centros de referencia públicos fora de Galicia para as persoas galegas afectadas de extrofia vesical ou patoloxías afíns?

Pazo do Parlamento, 04 de xuño de 2019





Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 05/06/2019 10:10:21

Noela Blanco Rodríguez na data 05/06/2019 10:10:34



Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O contrato que forma parte do Programa de vivendas baleiras para a sinatura das posibles persoas arrendatarias, inclúe na súa cláusula II o seguinte texto:

1. A vivenda obxecto do presente contrato se destinará única e exclusivamente a satisfacer a necesidade permanente de vivenda da arrendataria e das persoas integrantes da súa unidade familiar ou convivencial de acordo ao establecido no artigo 3.1 da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos (en adiante, LAU). Non se poderá destinar a vivenda arrendada a ningunha actividade profesional, comercial, industrial o calquera outra das relacionadas no artigo 3.2 da LAU, incompatible coa súa actividade residencial.

E, en ningún caso, se poderán realizar nela actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas.

Queda prohibida a tenza de animais domésticos, respondendo a arrendataria dos danos que puideran causar.

Esta prohibición expresa de tenza de animais chama a atención que sexa o modelo empregado pola consellería, cando vén de aprobar unha Lei de 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia que no seu artigo 21, obrigacións específicas das persoas posuidoras e propietarias de animais domésticos e concretamente no seu punto 2 clarifica o seguinte: “A tenza de animais domésticos en recintos ou vivendas privadas queda condicionada ás necesidades etolóxicas de cada especie e raza, ao espazo, ás circunstancias hixiénicas óptimas e á adopción das axeitadas medidas de seguridade, sen prexuízo do disposto nas normas que constitúan o réxime interior das comunidades de veciños. A tenza ou posesión de máis de cinco animais, maiores de tres meses, pertencentes á especie canina, estará sometida á obriga de



comunicación previa á consellaría competente en materia de protección animal, de acordo co procedemento que se estableza regulamentariamente.”

E por outro a Lei de arrendamentos urbanos (LAU) no seu punto 4.2 indica que os arrendamentos de vivenda rexeranse polos pactos, cláusulas e condicións determinados pola vontade das partes, no marco do establecido no título II da presente lei e, supletoriamente, polo disposto no Código Civil.

A prohibición expresa á tenza de animais domésticos en vivendas arrendadas a través do Plan de vivendas baleiras, parece polo tanto que vai en contra da liberdade de exercer os pactos que puideran xurdir entre as partes libremente, e peor aínda, penaliza e exclúe o acceso a unha vivenda daquelas familias ou persoas posuidoras de calquera tipo de animal doméstico.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Comprenden que esta decisión debера corresponder en todo caso ó acordo ó que puideran chegar os asinantes do contrato?

Pazo do Parlamento, 3 de xuño de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 05/06/2019 10:52:16

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/06/2019 10:52:29

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/06/2019 10:52:40



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A xestión de persoal nos Puntos de Atención Continuada por parte da Consellería de Sanidade vén sendo obxecto dunha folga indefinida por parte dos seus traballadores e traballadoras, dun proceso de negociación anquilosado e de numerosas críticas polo cómputo de xornada, pola remuneración dos complementos legalmente pactados e polas condicións de traballo destes e destas profesionais.

A vontade da administración para resolver dun modo satisfactorio a cuestión é tan limitada que as propias traballadoras e traballadores apelan á figura dun mediador.

No medio desta conxuntura, o pasado 26 de maio celebráronse unhas eleccións municipais nas que cada profesional de PAC tiña dereito ao seu lexítimo exercicio de voto, para o cal dispoñían de catro horas. Cómpre lembrar que o lugar onde se desenvolve o traballo non ten por que cadrar co lugar onde cada profesional se atopa censado/a, motivo polo que se atopa xustifico a disposición dese tempo.

Os Puntos de Atención Continuada prestan unha asistencia necesaria e cunha dotación nalgúns casos subóptima de persoal, con maior gravidade nalgúns áreas. O persoal dos PACs é 100% servizo mínimo, ou sexa, está legalmente establecido que non se pode prescindir de ningún profesional. Malia isto, nas pasadas eleccións do 26 de maio, para garantir o dereito das e dos traballadores ao voto, deixouse sen cubrir e sen substituír algún dispositivo, o cal atentou





claramente contra o dereito das persoas usuarias dos PACs a seren atendidas coas garantías legalmente establecidas.

Se reparamos, por exemplo, na área de Vigo, redundou en demoras na asistencia de ata tres horas no PAC da propia cidade, ausencia dun equipo completo no PAC de A Guarda (con dispositivo desamparado durante un traslado ao hospital), tres horas de agarda no PAC de Tui, un traslado medicalizado sen persoal de enfermaría e ausencia de persoal médico e de enfermaría en Ponteareas durante dúas horas pola tarde, por exemplo.

O colectivo PACs en pé de guerra denuncia que para as xerencias de xestión integrada, a asistencia sanitaria nestes servizos de atención continuada é un tema menor.

Alegan que non só non se intenta cubrir as ausencias, senón que se pretende responsabilizar das mesmas ás propias profesionais que exercen os seus dereitos, como é o do voto. Refiren padecer unha situación de sobrecarga insostible, e anticipan que nestas circunstancias non hai garantías de que non ocorra algunha desgraza por falta de atención en relación coa insuficiente dotación profesional.

Por todo isto, formulamos a seguinte pregunta:

-Que medidas se desenvolveron para permitir que, na xornada do 26 de maio, as profesionais dos Puntos de Atención Continuada exerceran o seu dereito ao voto sen que isto supuxera merma algunha na atención sanitaria ás persoas usuarias?

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Deputada do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 05/06/2019 12:37:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

Os espazos sitios en Rede Natura, e en outras figuras de protección medioambiental, representan a biodiversidade e son o máximo expoñente da riqueza natural e paisaxística de Galicia e deberían ser considerados como unha oportunidade para o desenvolvemento rural.

Os espazos protexidos medioambientalmente teñen hipotecas de certos usos para as terras neles ubicadas, hipotecas de usos, que en aras do ben común, limitan a capacidade de decidir dos titulares como por en valor as súas propiedades.

Debido ó abandono, a falta de proxectos impulsores de dinámicas que creen riqueza e fixen poboación capaz de xestionar estes espazos fan que as condicións que rodean estas figuras de protección sexan unha lousa que se abate sobre a pouca xente que se atreve a vivir nestes territorios.

Sen embargo estes territorios sitios nas figuras de protección ambiental (titularidades particulares e montes veciñais en man común) xeran externalidades positivas para o conxunto da sociedade. Entre estas externalidades poderíamos citar:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Conservación, restauración e mellora do patrimonio natural, da biodiversidade e da paisaxe.

-Conservación dos solos e do réxime hidrolóxico evitando a desertización.

-Fixación do dióxido de carbono contribuíndo á mitigación do cambio climático.

-Recarga de acuíferos e prevención de riscos xeolóxicos.

-Uso público.

Para que estes espazos protexidos cumpran estas externalidades das que se beneficia a sociedade galega no seu conxunto e que están cuantificadas economicamente, para que xeren dinamización no medio rural teñen que estar xestionados e non abandonados.

Pero esta xestión tradúcese en custes para os titulares dos mesmos. Teñen que ter planos de ordenación, faceren traballos de silvicultura, manteren equipos para combateren os lumes...

Parece lóxico, pois, que por estas externalidades os titulares recibisen certas compensacións, non entendidas coma esmola ou gracias, trataríase dunha redistribución dos custes medioambientais.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Se no IV Inventario Forestal se cuantifican os beneficios que as figuras de





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

protección medioambiental proporcionan á sociedade en xeral, por que non existen mecanismos de compensación por eses beneficios ós habitantes, axentes imprescindibles, que xestionan e que poderían xestionar ese territorio?

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2019

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/06/2019 12:42:52

Xosé Luis Bará Torres na data 05/06/2019 12:43:04

María Montserrat Prado Cores na data 05/06/2019 12:43:11

Noa Presas Bergantiños na data 05/06/2019 12:43:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 05/06/2019 12:43:33

Ana Pontón Mondelo na data 05/06/2019 12:43:42



A Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Jacobo Moreira Ferro e Rosa Oubiña Solla, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos que nas explotacións de Galicia ten unha vital importancia a xenética para seguir avanzando e mellorando a cabana gandeira da nosa Comunidade.

Así, os programas de mellora e selección de gando son imprescindibles para unha gandaría moderna, eficiente e competitiva. Cremos que é necesario que desde a Xunta de Galicia se continúe a apoiar ao sector leiteiro galego e que se prosiga coa aposta polos gandeiros galego, para facelos máis competitivo e rendibles nun mercado cada vez máis esixente.

Neste senso, Xenética Fontao S.A. é unha empresa pública participada pola Xunta de Galicia e polas asociacións de gandeiros Fefriga (Federación Frisona Galega) e Acruga (Asociación Nacional de Criadores de Gando Vacún Selecto da Raza Rubia Galega). Trátase dun actor fundamental na mellora xenética gandeira de Galicia a través da xestión do centro de sementais, do banco de xermoplasma e mediante a prestación de servizos ao sector agrogandeiro de analítica molecular utilizando a biotecnoloxía do ADN e novas tecnoloxías reprodutivas como a fecundación in vitro.

Ademais, Xenética Fontao realiza proxectos de innovación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica de grande importancia no sector.

Así, o Consello da Xunta ven de autorizar a sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e Xenética Fontao para continuar co



desenvolvemento do Programa de mellora xenética do gando frisón en Galicia no período 2019-2022.

Así, ante o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego deste novo convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e Xenética Fontao?

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 05/06/2019 12:59:07

Moisés Blanco Paradelo na data 05/06/2019 13:00:21

Jesús Miguel Prado Patiño na data 05/06/2019 13:01:01

Raquel Arias Rodríguez na data 05/06/2019 13:01:15

Carlos Gómez Salgado na data 05/06/2019 13:01:43

Jacobo Moreira Ferro na data 05/06/2019 13:02:06

Rosa Oubiña Solla na data 05/06/2019 13:02:23

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o grao de aplicación e desenvolvemento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galiza e as medidas que debe adoptar o Goberno galego para avanzar cara á unha sociedade inclusiva, diversa, máis democrática e xusta.

En abril de 2014 o Parlamento aprobou por unanimidade a Lei 2/2014 pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais.

Galiza convertíase así no primeiro territorio do Estado español en contar cun instrumento normativo contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero. Porén, transcorridos cinco anos desde a súa aprobación e entrada en vigor o noso país foi ficando atrás.

Alén das limitacións coas que o propio texto legal naceu --nomeadamente a non incorporación dun capítulo de sancións ou dun protocolo de resposta perante agresións LGBTfóbicas que si prevía o proxecto de lei no seu inicio-- o veto do Partido Popular en xullo de 2017 a continuar avanzando cunha Lei galega de identidade de xénero, desprazou Galiza da posición de vangarda.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De facto, a Lei 2/2014 apenas inclúe unha única referencia expresa á transexualidade (artigo 20) en relación á garantía de “atención sanitaria, segundo a necesidade e o criterio clínico, das prácticas e para as terapias relacionadas coa transexualidade”.

A falta de impulso e vontade política do Partido Popular na Xunta de Galiza fixo que transcorridos cinco anos continúe sen se aplicar e desenvolver na súa totalidade a Lei 2/2014.

Así pois,

a) No **ámbito laboral** a Xunta de Galiza tiña obriga de elaborar un estudo no que se visibilizase a situación das persoas LGBT para os efectos de coñecer a súa situación laboral e as medidas a adoptar para loitar contra a súa discriminación en empresas públicas e privadas (artigo 12.3). Non se fixo.

Tampouco se ten elaborado un protocolo de igualdade e boas prácticas en materia de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero (artigo 12.7). O Consello Galego de Relacións Laborais ten publicado unha *Guía de boas prácticas en materia de igualdade para a negociación colectiva* mais ao abeiro da Lei 3/2007 de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. A guía só fai referencia en dúas ocasións á discriminación por orientación sexual e nin unha soa á transexualidade.

b) No **ámbito social e familiar**, lonxe de aproveitar a rede de Centros Quérote creada polo BNG durante o Goberno bipartito, o Partido Popular optou por derivar a atención de persoas LGBT aos CIM coa reforma do Decreto que os regula en 2016 sobrecargando aínda máis estes servizos e a un persoal sen a formación necesaria. Durante a última década, ademais, baleirouse de contido os Quérote poñendo fin a



importantes programas dirixidos especialmente á non discriminación do colectivo LGBT como *Entendo*.

c) No **ámbito sanitario** e especificamente no referido ás persoas transexuais, a Xunta de Galiza ten aprobado a Instrución 13/2017 pola que se establece o procedemento a seguir polos profesionais do SERGAS para a atención á transexualidade das persoas menores de idade. Un texto claramente insuficiente, enfocado na creación da unidade de referencia do CHUS mais que non unifica criterios de asistencia e no acceso a tratamentos polo que precisa ser complementada cun protocolo que foi anunciado mais non aprobado até o momento.

Neste senso, a Xunta de Galiza –ao contrario que outros territorios como Aragón, Madrid, Valencia ou Andalucía-- non permite a modificación da identidade na tarxeta sanitaria, aínda que insta ao uso do nome sentido durante a atención sanitaria. Isto evidencia a necesidade de mudanzas legais como as previstas no proxecto de Lei galega de identidade de xénero vetado en 2017.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Transcorridos cinco anos da aprobación da Lei 2/2014 que valoración fai a Xunta de Galiza do grao de cumprimento e desenvolvemento da mesma?

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 05/06/2019 13:54:38

Xosé Luis Bará Torres na data 05/06/2019 13:54:47

María Montserrat Prado Cores na data 05/06/2019 13:54:55

Noa Presas Bergantiños na data 05/06/2019 13:55:05

Ana Pontón Mondelo na data 05/06/2019 13:55:16

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/06/2019 13:55:32



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Sección 1ª da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo vén de ditar unha providencia inadmitindo o recurso de casación interposto pola Xunta de Galicia contra a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditada no procedemento especial de protección de dereitos fundamentais, en concreto, do dereito de emisión a “Cuac FM” na frecuencia modulada. Ademais da inadmisión, o TS impón á Xunta de Galicia o pago de custas procesuais na cantidade de 1000 euros.

A sentenza recorrida (agora xa firme) recoñecía a “Cuac FM” o dereito a emitir en frecuencia modulada baixo unha garantía temporal de emisión e o dereito a comunicar á cidadanía da Coruña a través de servizos de comunicación audiovisual comunitarios e sen ánimo de lucro e deixaba sen efecto o expediente sancionador que o Goberno galego lle abrira tras unha interpretación restritiva e errónea da Lei xeral de comunicación audiovisual de 2010.

Resulta lamentable o malgasto de recursos públicos (como nos recursos nos ámbitos do Consello Consultivo de Galicia e do Valedor do Pobo) e en contra dunha interpretación expansiva de dereitos fundamentais e liberdades públicas, poñendo así en risco, nun Estado de Dereito, que unha entidade como “Cuac FM” se mantivese como proxecto comunitario.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é a opinión do Goberno galego sobre que a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo teña inadmitido o recurso de casación interposto contra a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditada no procedemento especial de protección do dereito de emisión a “Cuac FM” na frecuencia modulada?

Pazo do Parlamento, 05 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/06/2019 09:52:21

Noela Blanco Rodríguez na data 06/06/2019 09:52:34





Julio Torrado Quintela na data 06/06/2019 09:52:48

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 06/06/2019 09:53:02

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/06/2019 09:53:18



Á Mesa do Parlamento

Martin Fernández Prado, Jaime Castiñeiras Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Diego Calvo Pouso, Julia Rodriguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno.**

Como é sabido, desde o Goberno galego hai moito tempo que se vén traballando para o impulso e redefinición do Corredor Atlántico de Mercadorías, para que os territorios do Noroeste peninsular poidan ver incrementada a súa competitividade económica e a súa capacidade loxística.

Nesta liña, desde Galicia liderouse e buscáronse alianzas coas Comunidades Autónomas veciñas de Asturias e Castela e León ao obxecto de promover actuacións conxuntas e coordinadas para lograr formar parte da rede transeuropea de mercadorías, unha demanda na que se contou tamén co apoio dos axentes sociais, empresariais e institucionais dos tres territorios.

Agora, unha vez que este primeiro obxectivo se ten conseguido, e que as institucións europeas teñen aceptado esta demanda conxunta de Galicia, Asturias e Castela e León para a inclusión do Noroeste peninsular no Corredor Atlántico de Mercadorías, toca seguir avanzando para lograr que esta inclusión se traduza en investimentos necesarios para lograr unha auténtica modernización ferroviaria que converta a estas tres comunidades en territorios punteiros no transporte de mercadorías e na loxística.

Desde a Xunta de Galicia vense incidindo ante o Ministerio de Fomento na necesidade de que a incorporación ao Corredor Atlántico de Mercadorías se traduza nunha modernización real da nosa rede ferroviaria, especialmente para dotar aos principais portos galegos de conexións óptimas.

O interese de Galicia por lograr este obxectivo tamén foi trasladado aos representantes de Transportes da Unión Europea, na visita que a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade realizou a Bruxelas no pasado mes de abril.

Nesa xuntanza, os responsables comunitarios confirmaron que para acceder aos fondos do mecanismo Conectar Europa é necesario dotarse dunha planificación completa de actuacións e desenvolver proxectos concretos, de calidade e competitivos,



como xa se vén insistindo desde a Xunta ante o Ministerio de Fomento, que é quen ten que desenvolver este traballo.

Por todo o exposto, desde este grupo parlamentario formulamos a seguinte pregunta oral para a súa resposta **pleno**:

-Que novidades ten o Goberno galego en relación ao traballo de planificación e impulso do Corredor Atlántico de Mercadorías?

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 06/06/2019 12:34:47

Jaime Castiñeira Broz na data 06/06/2019 12:35:13

Jacobo Moreira Ferro na data 06/06/2019 12:35:32

Marta Novoa Iglesias na data 06/06/2019 12:36:29

Diego Calvo Pouso na data 06/06/2019 12:36:50

María Julia Rodríguez Barreira na data 06/06/2019 12:37:24

Gonzalo Trenor López na data 06/06/2019 12:37:39

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 06/06/2019 12:37:52

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, dependente da Consellería de Política Social, vén de presentar o programa SON voluntario/a, en colaboración coa Asociación Empresarial Festivais de Galicia.

Este programa está destinado a algúns dos festivais de música de Galicia e a eventos de similar natureza nos que as mozas e mozos participantes realizarán diferentes tarefas.

Segundo o anunciado, algunhas das tarefas das que se encargarán son: ofrecer información de interese sobre os servizos que ofrece o festival, facilitar a circulación das persoas dentro do recinto, axuda a mobilidade de vehículos, e realizar, de ser o caso, actividades de sensibilización medioambiental.

Algunhas das actividades que aparecen reflectidas que levarían a cabo as voluntarias/os de maneira gratuíta son semellantes ás que podería desempeñar persoal das empresas organizadoras dos eventos, co conseguinte risco de que esta medida poida conlevar a supresión de postos de traballo remunerados.

Un dos argumentos dados por parte da Xunta de Galicia para a posta en marcha desta iniciativa é o fomento da participación activa da mocidade nos festivais de música de Galicia, pero para tal fin, e para mellorar a accesibilidade á cultura, en termos xerais, por parte da mocidade, existen, na nosa opinión, fórmulas moito





máis acaídas.

Por estes motivos, presentamos a seguinte Pregunta:

- Ten previsto a Xunta de Galicia por as medidas necesarias para que este programa non signifique en ningún caso que se reduza o persoal de organización e atención ao público nalgúns festivais ou poida supor unha merma nos dereitos laborais das persoas contratadas?

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 06/06/2019 11:48:18

Luca Chao Pérez na data 06/06/2019 11:48:32

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 06/06/2019 11:48:51



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Marcos Cal Ogando, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A loita contra lgtbifobia e a defensa dos dereitos das persoas LGTBI+ debe ser unha prioridade para as administracións públicas, xa que, a pesar de que se teñen dado avances nos últimos tempos, grazas, fundamentalmente, aos esforzos do tecido asociativo, aínda queda moito por facer para conquistar a igualdade plena.

No ano 2014, Galicia aprobaba a Lei 2/2014, pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais; un marco que supuxo un avance pero que non incluíu algúns asuntos fundamentais polo veto do Partido PP. Ademais, aínda está lonxe de ser cumprida no seu conxunto, en parte porque moitos dos seus apartados están sen desenvolver.

En dita lei, por exemplo, recóllese, na súa Disposición Adicional, a necesidade de informar ao Parlamento de Galicia mediante a remisión dun informe sobre a aplicación desta con carácter trianual. A Xunta de Galicia presentou un documento pasados catro anos que só era unha descrición da Lei 2/2014 e dúas sinxelas actuacións, que ademais recibiron as críticas do tecido asociativo pola súa ineficacia. A Xunta non puido elaborar un informe serio a día de hoxe porque a lei continúa a estar sen desenvolver.

Por outra banda, no ano 2017, o PP botou abaixo unha Proposta de Lei de identidade de xénero realizada polos propios colectivos, dificultando que os dereitos das persoas transexuais se recoñezan e se respecten.





Esta Lei buscaba algo tan básico como o libre recoñecemento e respecto á libre manifestación da identidade de xénero. Abordaba ámbitos como a xestión administrativa cotián, a atención sanitaria, medidas educativas e de formación ou medidas para conquistar garantías de non discriminación no ámbito laboral.

Unha lexislación necesaria porque as dificultades existentes, incluso en cuestións tan básicas como ver recoñecida a súa identidade, son múltiples.

No ámbito sanitario a perspectiva de tutelaxe e segregación continúa presente, existindo trabas para o acceso aos tratamentos e persistindo unha diferenza importante en función da zona onde vivas.

No ámbito laboral os prexuízos tamén continúan presentes dificultando en moitas ocasións o acceso a un emprego.

